

Contido

EMENDAS AO REGULAMENTO	2
EMENDAS ÁS TESES POLÍTICA E DE ORGANIZACIÓN	2
EMENDAS AOS ESTATUTOS	44

EMENDAS A DEBATE NA XIV ASEMBLEA NACIONAL DE GALIZA NOVA

EMENDAS AO REGULAMENTO

Emenda nº1. - REXEITADA

Páx. 3, liña 64

Artigo 11 do Regulamento

Comarca de Compostela

Emenda de substitución

Substituír “Artigo 11.

No debate de cada emenda haberá unha intervención da persoa que a elaborou e outra do relatorio. Posteriormente, pasarase a unha quenda fechada de palabras, seguida, se a Mesa considerase que fose necesario, dunha segunda quenda.”

Por “Artigo 11.

No debate de cada emenda haberá unha intervención da persoa que a elaborou e outra do relatorio. Posteriormente, pasarase a unha quenda fechada de palabras. Poderase abrir unha segunda quenda se a Mesa considerase que fose necesario ou se a emendante o solicitase co apoio do 30% da Asemblea Nacional nunha previa votación.”

Emenda nº2. REXEITADA

Páx. 4, liña 55

Novo artigo do Regulamento

Comarca da Emigración

Emenda de engádega

“Os textos deberán estar dispoñíbeis na normativa da RAG e na normativa reintegracionista”.

EMENDAS ÁS TESES POLÍTICA E DE ORGANIZACIÓN

Emenda nº3. - ACEPTADA

Emenda á **totalidade**

Comarca de Ourense

Revisar numeración e homoxenización dos títulos e contidos.

Revisar as grallas e erros tipográficos.

Emenda nº4. - ACEPTADA

Emenda á **totalidade**

Comarca de Compostela

Emenda de substitución

Substituír “Estado Español/ estado español”

Por “Estado español”

Emenda nº5. - REXEITADA

Emenda á **totalidade**

Comarca da emigración

Emenda de substitución

Substituír “LGTBI”,
Por “XSDI (Xéneros e Sexualidades Diversas e Intersexuais)”

Emenda nº6. - REXEITADA

Emenda á **totalidade**
Comarca da emigración
Emenda de substitución

Substituír “Substancias aditivas”,
Por “Drogas”

Emenda nº7. - ACEPTADA

Páx. 1, liña 9
Comarca de Vigo
Emenda de engádega

Logo de “liberador”,
Engadir “revolucionario”.

Emenda nº8. - TRANSACCIÓN

Páx. 1, liña 17
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Cómpre agora actualizar as nosas análises e avaliar as eivas para mellorar Galiza Nova e avanzar na súa referencialidade **para, desta maneira, avanzar no proxecto de liberación nacional e social da Galiza.**

TRANSACCIÓN Á EMENDA: Cómpre agora actualizar as nosas análises e avaliar as eivas para mellorar Galiza Nova e avanzar na súa referencialidade, e así contribuírmos no avance do proxecto de liberación nacional e social da Galiza.

Emenda nº9. - TRANSACCIÓN

Páx. 1, liña 31
Comarca de O Salnés
Emenda de substitución

Substituír “A transferencia de competencias, centralizándoas na Unión, supón unha dupla subordinación da soberanía naquelas nacións que carecen arestora dun Estado de seu, como é o caso do galego, xa que vemos furtada a nosa capacidade de decisión polo estado español e polo plano europeo.”

Por “A transferencia de competencias, centralizándoas na Unión, supón unha dupla e combinada subordinación da soberanía naquelas nacións que carecen arestora dun Estado de seu, como é o caso galego, xa que historicamente vemos furtada a nosa capacidade de decisión polo estado español que agora, fronte á perda da súas propias competencias en favor da UE, reacciona nun intento de manter o seu cada vez máis feble statu quo corrupto, baseado na apropiación da soberanía dos pobos como Galiza.”

Emenda nº10. - TRANSACCIÓN

Páx. 1, liña 31
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substituír “A transferencia de competencias, centralizándoas na Unión, supón unha dupla subordinación da soberanía naquelas nacións que carecen arestora dun Estado de seu, como é o caso galego, xa que vemos furtada a nosa capacidade de decisión polo estado español e polo plano europeo”,

Por “A transferencia de competencias, centralizándoas na Unión, supón unha dupla negación da soberanía naquelas nacións que carecen arestora dun Estado de seu, como é o caso de Galiza, xa que venfurtada a súa capacidade de decisión propia tanto polos estados nos que fican forzosamente encadradas como por Bruxelas. Ademais a vixente realidade nos Estados xa constituídos motiva o cuestionamento a respecto da viabilidade, en termos de capacidade autogoberno efectivo, de propostas e procesos soberanistas en nacións sen Estado que aspiran a se culminar no seo da UE, mantendo a súa pertenza a esta.

Ademais, esta cesión non é neutra en relación á dialéctica da loita de clases, que confronta os intereses do Capital dominante e das clases traballadoras explotadas. É falso afirmar que estamos ante unha cesión de soberanía só cara Alemaña ou Bruxelas, como habitualmente simplificamos, senón que asistimos a un proceso no que todos os Estados, incluída Alemaña, ceden soberanía ás corporacións transnacionais, que son as que gobernan realmente o mundo capitalista”.

Emenda nº11. - TRANSACCIÓN

Páx. 1, liña 34
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Engadir “Esta imposición de dependencia ao marco europeo vén marcada directamente por ditames de grandes empresas multinacionais e da banca privada. Como pobo, a nosa capacidade de incidencia é inútil, xa que estamos perante estruturas irreformábeis por seren creadas ao servizo do capitalismo mundial, onde a toma de decisións non depende da representación dos estados e, menos, das nacións que a día de hoxe carecemos de estado propio”.

TRANSACCIÓN ÁS EMENDAS 9, 10, 11: achegarse na Asemblea Nacional

Emenda nº12. - TRANSACCIÓN

Páx. 1, liña 36
Comarca d’A Coruña
Emenda de substitución

Substituír “nas altas institucións”

Por “entre as altas institucións e os lobbies financeiros”

Emenda nº13. - TRANSACCIÓN

Páx. 1, liña 36
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Logo de “nas altas institucións”

Engadir “CETA, TTIP e TISA son tratados que se negocian en segredo nas altas institucións, entre a UE, Estados Unidos e Canadá, xunto con representates de grandes empresas multinacionais, sobre os que os estados membro teñen nula capacidade de decisión.”

Emenda nº14. - TRANSACCIÓN

Páx. 1, liña 36
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substituír “O obxectivo real é a eliminación de soberanía dos pobos para facela recaer nas empresas transnacionais, que quedarían eximidas dos controis e condicións derivadas das lexislacións nacionais”,

Por “O obxectivo destes é a eliminación de soberanía dos pobos para darlle máis poder as empresas transnacionais, que quedarían eximidas dos controis e condicións derivadas das lexislacións nacionais”.

Emenda nº15. - TRANSACCIÓN

Páx. 1, Liña 37.
Comarca de Ourense
Emenda de engádega

Logo de “derivadas das lexislacións nacionais”

Engadir “O CETA é o tratado de libre comercio que a UE está a negociar con Canadá. Aínda que foi suspendida logo do veto do parlamento de Valonia, o tratado seguirá previsto para asinar a finais do 2016. Este tratado non só abre as portas a un tratado comercial con Canadá, senón que tamén se abre o libre comercio cos Estados Unidos posto que as multinacionais deste país, tamén residen no seu país veciño.”

Emenda nº16. - TRANSACCIÓN

Páx. 1, liña 37

Comarca da Emigración

Emenda de substitución

Substituír “nacionais. O TTIP supón a fin da capacidade produtiva en Galiza, xa que as empresas transnacionais poderían fabricar produtos de orixe galega en calquera parte do mundo que máis beneficios lle traían”

Por “estatais. Podendo ademais, mediante a creación de tribunais privados de arbitraje dominados por estas grandes empresas, sancionar aos estados con indemnizacións millonarias se interfiren desde a lexislación propia na competencia ou beneficios destes lobbies”

Emenda nº17. - TRANSACCIÓN

Páx. 1, liña 37

Comarca de Vigo

Emenda de substitución

Substituír “O TTIP supón a fin da capacidade produtiva en Galiza, xa que as empresas transnacionais poderían fabricar produtos de orixe galega en calquera parte do mundo que máis beneficios lle traían”,

Por “Estes tratados supoñen a entrada de produtos até o de agora prohibidos no noso país por cuestións de saúde como fármacos, transxénicos ou insecticidas. Tamén legalizaría métodos de extracción de gas como o fracking e daríalle aínda máis poder ás empresas de megaminería; sendo estas dúas cuestión nefastas para a saúde do medio ambiente e da poboación galega.

Por outra banda poderíanse fabricar produtos coa marca de orixe galega en calquera lugar do mundo, reducindo a calidade destes mentres se elimina tecido produtivo e industrial no noso país”.

Emenda nº18. - TRANSACCIÓN

Páx. 1, liña 40

Comarca da Emigración

Emenda de engádega

Engadir (novo parágrafo) “A implantación destes tratados de libre comercio suporía a perda dos servizos públicos gratuítos e universais, pois as empresas poderán demandar aos estados por competencia desleal e monopolizar sectores como o da sanidade, a educación ou as pensións públicas. Ademais, unha vez privatizado un servizo, este non poderá voltar a ser de propiedade pública”

Emenda nº19. - TRANSACCIÓN

Páx. 1, liña 44

Comarca da Montaña

Emenda de engádega

Logo de “... para a obtención de beneficios”,

Engadir “, o que conlevará a unha maior precarización do mercado laboral, especialmente no sector da mocidade.”

TRANSACCIÓN ÁS EMENDAS 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19: achegarase na Asemblea Nacional

Emenda nº20. - TRANSACCIÓN

Páx. 1, liña 55

Comarca de Pontevedra

Emenda de substitución

Substituír todo o parágrafo

Por “A situación ten mudado moito nos últimos dous anos a nivel social. Con respecto a entón, vivimos unha etapa de grande desmobilización, na cal o sistema foi quen de conducir o descontento por vías inofensivas para o mesmo. É clave o papel que xogaron novas alternativas que xurdiron nos últimos anos, na chamada “nova política”, e que cun falso revestimento de radicalidade contaron co apoio dos grandes medios de comunicación para conducir o descontento dun xeito que non comprometése a viabilidade do estado español de ningún xeito.

A única vía de ruptura aberta actualmente no estado español é a promovida polo proceso do pobo catalán cara a súa independencia. Fica claro pois, que o único movemento de ruptura co réxime establecido no estado español provén das nacións sen estado, e é responsabilidade nosa ser quen de levar ao pobo galego a unha situación de posibilidade de ruptura real, coa mocidade á cabeza.”

Emenda nº21. - TRANSACCIÓN

Páx. 1, liña 55

Comarca de Vigo

Emenda de substitución

Substituír todo o parágrafo,

Por “Atopámonos nun panorama actual onde conflúe un Estado español devorado pola corrupción, a decrepitude de institucións como a Coroa, unha crise económica devastadora para as clases populares e o pulso iniciado desde Catalunya contra o modelo territorial do estado. Estes factores, que posibilitarían un avance de cara a un proceso de ruptura democrática de Galiza co estado español, tiveron unha contundente resposta por parte do sistema económico-político español con cambios superfluos como o do modelo político bipartidista clásico por un modelo bipartidista duplicado que non deixa de ser un novo modelo para o mantemento dos mesmos poderes fácticos que existen desde o 78. Esta resposta do sistema orixinou un aumento de españolidade na poboación galega, fundamentalmente na mocidade, que cada vez ten menos conciencia sobre o problema nacional que sofre Galiza.

Emenda nº22. - TRANSACCIÓN

Páx. 1, liña 59

Comarca de Pontevedra

Emenda de engádega

Logo de “reeditando con novos modelos a fraude do 78.”

Engadir “Temos que ser quen de transmitir que Galiza con soberanía arranxaría a situación de miseria que está a vivir hoxe en día. A precariedade laboral, a emigración masiva da mocidade, a restrición e atrancos que sofren os nosos sectores produtivos son problemas derivados da nosa situación de dependencia e que con capacidade de decidir seríamos quen de solucionar.”

TRANSACCIÓN ÁS EMENDAS 20, 21, 22: “A situación mudou socialmente nos últimos dous anos. Agora, vivimos unha etapa de grande desmobilización. O sistema fixo que o descontento se manifestase por vías inofensivas en lugar de permitir un avance de cara a un proceso de ruptura democrática de Galiza co Estado español. É clave o papel que xogaron novas alternativas xurdidas nos últimos anos coas que o sistema económico-político español só experimentou cambios superfluos á vez que conseguiron desmobilizar á poboación.

A única posibilidade de rachar actualmente co Estado é a promovida polo proceso do pobo catalán cara a súa independencia. Fica claro pois, que o único movemento de ruptura co réxime establecido no Estado español pode provir do soberanismo. É responsabilidade nosa levar ao pobo galego a unha situación de posibilidade real de ruptura, así como transmitir dun xeito pedagóxico que Galiza con soberanía arranxaría a situación de miseria que está a vivir hoxe en día. A precariedade laboral, a emigración masiva da mocidade e as restricións e os atrancos que sofren os nosos sectores produtivos son problemas derivados da nosa situación de dependencia, que poderíamos solucionar con capacidade de decisión e deben ser argumentos que empreguemos na nosa labor de creación de conciencia nacional no camiño da ruptura con este sistema cruel e corrupto.”

Emenda nº23. - REXEITADA

Páx. 1, liña 65

Comarca de Pontevedra

Emenda de substitución

Substituír “(coa complicidade e brazo executor na Xunta de Galiza), están a atacar as mínimas cotas de”

Por “e a Xunta de Galiza están a supoñer a extinción da”

Emenda nº24. - REXEITADA

Páx. 1, liña 68
Comarca de Lugo - Centro.
Emenda de supresión

Suprimir “emigración”

Emenda nº25. - ACEPTADA

Páx. 1, liña 73
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substituír “éxodo”,
Por “emigración”.

Emenda nº26. – REXEITADA POR ACEPTACIÓN DA EMENDA 30

Páx. 2, liña 7
Comarca de Vigo
Emenda de engádega

Logo de “privadas”,

Engadir “Outro dos intentos mercantilizadores dos últimos tempos foi a formulación do 3+2, un novo sistema de graos universitarios que, aínda que agora está parada a súa posta en marcha, aparece en escena sen ter avaliado como foron estes primeiros anos do sistema “4+1” (grao+mestrado) do Plan Boloña, logo de acabar coas Licenciaturas e as Diplomaturas. O Estado e a UE defenden o 3+2 escudándose en que en moitos países europeos existe este sistema, mais o que ocultan é que normalmente o custe de graos e mestrados é o mesmo, cando non gratuito, a diferenza de aquí. O capital persegue que só unhas poucas poidan continuar estudando, sen pensar nas dificultades económicas que poida supoñer, ou na conveniencia de acurtar tanto o sistema de graos”.

Emenda nº27. - ACEPTADA

Páx.2, Liña 9.
Comarca de Ourense
Emenda de engádega

Logo de “clasista”;
Engadir “relixiosa”

Emenda nº28. - ACEPTADA

Páx. 2, liña 10
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substituír “Impúxose unha lei na que Igrexa volta ter un papel importante, foméntase un ensino españolizador, memorístico, con subvencións”,

Por “Impúxose unha lei na que a Igrexa aumenta a súa importancia aínda máis, foméntase un ensino españolizador que non teña en conta a sociedade galega,”.

Emenda nº29. - TRANSACCIÓN

Páx. 2, Liña 12.
Comarca de Ourense
Emenda de engádega

Logo de “reproducción social do machismo”

Engadir “Tamén, nos últimos anos, creouse o FP básico con contidos xerais e escasos que desmelloran a calidade da Formación Profesional e sendo tamén máis atractiva para as estudantes que pertencen á clase traballadora. Un camiño máis económico e sinxelo,

pero que acaban sendo a man de obra barata e branco fácil para a explotación laboral. Ademais, creouse a FP Dual, sendo este unha ferramenta para conseguir a privatización do ensino, posto que o Estado traslada a formación ás empresas, reducindo custes dos servizos públicos (elimínase o profesorado)”

Emenda nº30. - TRANSACCIÓN

Páx. 2, Liña 12.

Comarca de Pontevedra

Emenda de engádega

Logo de “reproducción social do machismo.”

Engadir “ É unha lei antipedagóxica que limita a obtención do título a unha soa proba, aínda que se teñan aprobado todos os cursos desa etapa educativa. Obriga a retroceder no sistema a quen suspende a reválida e limita moito as opcións de estudos, aumentando as probabilidades de abandono escolar para as fillas de traballadoras. Reduce as horas do galego como lingua vehicular no ensino e recentraliza competencias de xestión de contidos, uniformizando cada vez máis o ensino galego co do resto do Estado e vetándonos o coñecemento da nosa realidade propia.

Esta lei elitista é continuada no ensino universitario co Decreto do 3+2, que baleira de contidos os graos e nos obriga a especializarnos cada vez máis e a un custo cada vez maior para poder acceder a un emprego. É, ademais, outra vía de nutrir as universidades privadas, dada a escasa oferta de mestrados existente nas públicas.”

TRANSACCIÓN ÁS EMENDAS 29, 30: achegarase na Asemblea Nacional

Emenda nº31. - ACEPTADA

Páx. 2, Liña 12.

Comarca de Pontevedra

Emenda de engádega

Logo de “reproducción social do machismo.”

Engadir “A sanidade pública está en situación de emerxencia, posta ao servizo dos intereses privados para facer negocio coa saúde das persoas e completamente desmantelada a base de redución de orzamentos, persoal e camas, repagamento de medicamentos e copago sanitario. Os recortes teñen consecuencias directas na prestación dos servizos sanitarios xa que nos atopamos con urxencias colapsadas, persoal sobrecargado de traballo, longas listas de espera, non dispensación de tratamento para persoas con doenzas graves ou dificultades dos colectivos máis vulnerábeis para obter medicamentos (copago e exclusión de fármacos do catálogo).”

Emenda nº32. - ACEPTADA

Páx. 2, liña 18

Comarca de Vigo

Emenda de substitución

Substituír “patriarcal”,

Por “heteropatriarcal”.

Emenda nº33. - ACEPTADA

Páx 2 liña 25

Comarca do Condado

Emenda de substitución

Substituír “caracterizado pola”,

por “reflectido na”

Emenda nº34. - REXEITADA

Páx. 2, liña 42

Comarca de Pontevedra

Emenda de engádega

Logo de “casos de control das mozas.”

Engadir “Temos que facer fronte a unha sociedade sen consciencia ningunha do sistema patriarcal que nos oprime. O propio feminismo ponse en cuestión e xorden numerosos termos alternativos, sen base real ningunha. Resulta especialmente alarmante a pouca formación ao respecto entre a mocidade”

Emenda nº35. - REXEITADA

Páx. 2, liña 52

Comarca de Compostela

Emenda de substitución

Substituír “as prostitutas”

Por “as traballadoras do sexo e as vítimas da trata (as cales ademais non están incluídas na lei contra a Violencia de Xénero)”

Emenda nº36. - ACEPTADA

Páx. 2, liña 54

Comarca de Vigo

Emenda de substitución

Substituír “ven”,

Por “vén”.

Emenda nº37. - TRANSACCIÓN

Páx. 2, liña 54

Comarca de Compostela

Emenda de substitución

Substituír “A discriminación que padecen a día de hoxe as persoas LGTBI ven dada pola construción das identidades de xénero binarias Home-Muller e a heterosexualidade como norma, mentres que toda desviación desa norma crea prexuízos sociais como a patoloxización das persoas transexuais, a criminalización dos suxeitos homosexuais ou a corrección cirúrxica das crianzas intersexuais. Para evitar este tipo de cuestións é preciso a creación dun plan de inclusión que loite contra o estigma e discriminación das persoas LGTBI e un réxime sancionador para punir a exclusión social e todo tipo de violencia debido á identidade de xénero ou sexual. As cifras en canto a tentativas de suicidio da mocidade polo rexeitamento e a persecución social son dun 40%, mentres que os discursos da dereita, xunto coa Igrexa e os grupos de poder, provocan o aumento das agresións e da LGTBIfobia. Somos conscientes da porta que se abre co proxecto da Lei Galega de Identidade de Xénero, reivindicación histórica das diferentes entidades que forman parte do tecido Trans de Galiza. Buscando o recoñecemento da identidade de xénero en todos os ámbitos da vida, así como unha carteira de servizos e políticas públicas a favor da inclusión das persoas trans na sociedade.”

Por “2.4. A invisibilización da diversidade sexual e de xénero, e a LGTBIfobia.

A discriminación que padecen a día de hoxe as persoas LGTBI vén dada pola construción das identidades de xénero binarias Home-Muller e a heterosexualidade como norma. Toda desviación desa norma incomoda ao sistema cisheteropatriarcal, respondendo este con agresións permanentes contra toda disidencia sexual ou de xénero.

Os prexuízos sociais continúan vixentes de tal forma que o “saír do armario” se converte nunha barreira cotiá, invisibilizando as diversas identidades e levando a moitas persoas á clandestinidade, sobre todo no rural, onde a normalización é na maioría dos casos inexistente. Esta descuberta da identidade é moitas veces incompleta por mor de prexuízos, como é o caso da plumofobia, de xeito que moitas persoas se senten obrigadas a non manifestaren actitudes que poden ser consideradas do xénero oposto.

Os discursos da dereita, xunto coa Igrexa e os grupos de poder, provocan o aumento das agresións e da LGTBIfobia e invisibilizan a diversidade afectivo-sexual na sociedade e concretamente no ensino, onde se perpetúan actitudes machistas e a heteronormativas. Así, o acoso escolar segue imperante, manifestándose en agresións psíquicas e físicas ás mozas LGTBI, chegando a marxinalas dos círculos sociais ou mesmo causando o suicidio. Cómpre destacar os suicidios das persoas trans, quen continúan a seren patoloxizadas pola Organización Mundial da Saúde. Pese a todo, o goberno galego segue sen desenvolver protocolos de atención para as mozas transxénero nin ningún tipo de medida para acabar coas agresións, continuando a recortar en gasto, como tamén é o caso da redución en prevención das ITS e VIH, perpetuando a estigmatización co colectivo sero positivo. Somos conscientes da porta que se abre co proxecto da Lei Galega de Identidade de Xénero, reivindicación histórica das diferentes entidades que forman parte do tecido Trans

de Galiza, buscando o recoñecemento da identidade de xénero en todos os ámbitos da vida, así como unha carteira de servizos e políticas públicas a favor da inclusión das persoas trans na sociedade.

Actualmente, non existe ningún movemento nacional galego na defensa dos intereses LGTBI, porén, si hai diversos colectivos, moitos deles de carácter comarcal, que loitan contra as diferentes agresións cisheteropatriarcais, e promoven a visibilización e normalización da diversidade sexual e de xénero. É necesario fortalecer esta loita e contribuír á hora de crear un movemento nacional LGTBI para avanzar e construír unha sociedade sen discriminacións e en pé de igualdade.”

TRANSACCIÓN Á EMENDA: 2.4. A invisibilización da diversidade sexual e de xénero, e a LGTBIfobia.

A discriminación que padecen a día de hoxe as persoas LGTBI vén dada pola construción das identidades de xénero binarias Home-Muller e a heterossexualidade como norma. Toda desviación desa norma incomoda ao sistema cisheteropatriarcal, respondendo este con agresións permanentes contra toda disidencia sexual ou de xénero.

Os prexuízos sociais continúan vixentes de tal forma que o “saír do armario” se convirte nunha barreira cotiá, invisibilizando as diversas identidades e levando a moitas persoas á clandestinidade. Esta descuberta da identidade é moitas veces incompleta por mor de prexuízos, como é o caso da plumofobia, de xeito que moitas persoas se senten obrigadas a non manifestaren actitudes que poden ser consideradas do xénero oposto.

Os discursos da dereita, xunto coa Igrexa e os grupos de poder, provocan o aumento das agresións e da LGTBIfobia e invisibilizan a diversidade afectivo-sexual na sociedade e concretamente no ensino, onde se perpetúan actitudes machistas e a heteronormativas. Así, o acoso escolar segue imperante, manifestándose en agresións psíquicas e físicas á mocidade LGTBI, chegando a marxinala dos círculos sociais ou mesmo causando o suicidio. Cómpre destacar os suicidios das persoas trans, quen continúan a seren patoloxizadas pola Organización Mundial da Saúde. Pese a todo, o goberno galego segue sen desenvolver protocolos de atención para as mozas transxénero nin ningún tipo de medida para acabar coas agresións, continuando a recortar en gasto, como tamén é o caso da redución en prevención das ITS e VIH, perpetuando a estigmatización co colectivo sero positivo. Somos conscientes da porta que se abre co proxecto da Lei Galega de Identidade de Xénero, reivindicación histórica das diferentes entidades que forman parte do tecido Trans de Galiza, buscando o recoñecemento da identidade de xénero en todos os ámbitos da vida, así como unha carteira de servizos e políticas públicas a favor da inclusión das persoas trans na sociedade.

Actualmente, non existe ningún movemento nacional galego na defensa dos intereses LGTBI, porén, si hai diversos colectivos, moitos deles de carácter comarcal, que loitan contra as diferentes agresións cisheteropatriarcais, e promoven a visibilización e normalización da diversidade sexual e de xénero. É necesario fortalecer esta loita e contribuír á hora de crear un movemento nacional LGTBI para avanzar e construír unha sociedade sen discriminacións e en pé de igualdade

Emenda n°38. - ACEPTADA

Páx 2 liña 68

Comarca do Condado

Emenda de substitución

Substituír “emprende”,
por “emprendendo”

Emenda n°39. – REXEITADA POR ACEPTACIÓN DA EMENDA 40

Páxina 2, liña 70

Comarca de Ourense

Emenda de supresión

Suprimir: “Para máis inri”

Emenda n°40. - ACEPTADA

Páxina 2, liña 70

Comarca do Condado

Emenda de substitución

Substituír “Para máis inri”,
por “ Por se fose pouco”

Emenda nº41. - REXEITADA

Páxina 2, liña 74,
Comarca de Ourense
Emenda de substitución

Substituír “prohibiuse impartir determinadas materias”
Por “prohibíuse impartir materias como as matemáticas, ciencias da natureza,...”

Emenda nº42. - TRANSACCIÓN

Páx. 2, liña 77
Comarca de Compostela
Emenda de engádega

Logo de “etc.”

Engadir “Non é casual que, por vez primeira desde a Transición, a porcentaxe de galegofalantes fiquen por embaixo da de españolfalantes no noso país, amosando claramente unha redución drástica no seu uso, asemade que repercute negativamente no obxectivo de normalizar a nosa lingua. Esta situación vai moito máis alá, polo tanto, dunha mala xestión en política lingüística: estase a desenvolver unha agresión directa contra a soberanía do noso idioma, vulnerándoo cada vez máis desde as institucións e eliminándoo progresivamente dos espazos comúns.”

TRANSACCIÓN Á EMENDA: chegarase na Asemblea Nacional

Emenda nº43. - ACEPTADA

Páx. 2, liña 78
Comarca de Vigo
Emenda de engádega

Logo de “espazo público”,
Engadir “e privado”.

Emenda nº44. - REXEITADA

Páx. 2, liña 78
Comarca de Vigo
Emenda de engádega

Engadir novo parágrafo: “Tampouco a Xunta de Galiza destina recursos suficientes á escavación, conservación e investigación do noso Patrimonio. Galiza ten moito que ofrecer, mais existen casos ao longo do País de vestixios ou restos descubertos que, ou ben se investigan pero son rapidamente abandonados, ou non se investigan por falta de presuposto destinado a estas actividades. Un pobo sen lingua, mais tamén sen Historia, perde a súa razón de existir”.

Emenda nº45. - TRANSACCIÓN

Páx. 3, liña 10
Comarca de Pontevedra
Emenda de substitución

Substituír “O PP desmantelou ... do BNG”

Por “Unha das reivindicacións históricas de Galiza Nova no eido do lecer foron os Locais de Ensaio públicos e gratuítos, postos en marcha durante o goberno da Xunta a iniciativa do BNG co obxectivo de potenciar a inmensa creatividade da mocidade galega e crear espazos accesíbeis e ao servizo da propia mocidade. A día de hoxe unicamente se manteñen activos e referenciais aqueles que se atopan en concellos gobernados polo BNG, e fóra destes, os que seguen abertos están totalmente baleiros de contido e cun funcionamento desastroso.”

TRANSACCIÓN Á EMENDA: “Unha das reivindicacións históricas de Galiza Nova no eido do lecer foron os Locais de Ensaio públicos e gratuítos, postos en marcha durante o goberno da Xunta a iniciativa do BNG co obxectivo de potenciar a inmensa creatividade da mocidade galega e crear espazos accesíbeis e ao servizo da propia mocidade. Despois de seren desmantelados polo PP, unicamente se manteñen activos e referenciais a día de hoxe nalgúns dos concellos onde o BNG impulsou esta iniciativa”

Emenda nº46. - ACEPTADA

Páx. 3, liña 18
Comarca de Pontevedra
Emenda de engádega

Logo de “tamén para desviar a atención da sociedade”
Engadir “coa conivencia dos medios de masas”

Emenda nº47. - ACEPTADA

Páx. 3, liña 20
Comarca de Vigo
Emenda de engádega

Logo de “sacrificio”,
Engadir “, algo maiormente perceptíbel nos deportes minoritarios, incluso a nivel profesional”.

Emenda nº48. - REXEITADA

Páxina 3, liña 22,
Comarca de Ourense
Emenda de supresión

Suprimir “2.6. Substancias aditivas: desinformación e prohibicionismo.

En canto ás substancias aditivas, vivimos unha completa desinformación nos servizos de xuventude. Tampouco existen centros de información especializados nin unha correcta formación no ensino. As substancias aditivas son un tema tabú na nosa sociedade, o que dá lugar a un amplo descoñecemento, estereotipos e estigmatización. Ademais, os gobernos aplican políticas prohibicionistas que potencian o tráfico ilegal e enriquecen o negocio de quen xoga coa saúde pública”

Emenda nº49. - REXEITADA

Páx. 3, liña 24
Comarca de Compostela
Emenda de substitución

Substituír “En canto ás substancias aditivas, vivimos unha completa desinformación nos servizos de xuventude. Tampouco existen centros de información especializados nin unha correcta formación no ensino. As substancias aditivas son un tema tabú na nosa sociedade, o que dá lugar a un amplo descoñecemento, estereotipos e estigmatización. Ademais, os gobernos aplican políticas prohibicionistas que potencian o tráfico ilegal e enriquecen o negocio de quen xoga coa saúde pública.”

Por “O Estado avanza na submisión da mocidade galega a través das substancias e condutas aditivas. Para tal fin utiliza a súa moral puritana para deixar unha mocidade desinformada, que unha vez pasan a ser usuarias habituais son condenadas ao ostracismo social mediante medidas penalizadoras, en troca de pular pola integración social e as políticas facilitadoras do abandono de substancias, como podemos ver nos recortes do presuposto do Plan Galego sobre Drogas.”

Emenda nº50. - ACEPTADA

Páx.3, liña 31
Comarca da Montaña
Emenda de substitución

Substituír “A Xunta abandonou ... coa complicidade das administracións.”

Por “A Xunta abandonou as políticas de acceso á vivenda con continuos recortes orzamentarios nas mesmas, en beneficio das grandes promotoras, e deixou de lado a protección pública e a rehabilitación. Desbotouse calquera forma de intervención no mercado da vivenda que salvase os actuais impedimentos a un acceso igualitario a ela, o cal é aínda máis grave no caso da xente nova. Como consecuencia, hoxe en día para moitas persoas o dereito á vivenda, que debería ser un dereito garantido polo poder público, é un ben inaccesíbel. Na Galiza, cada día 7 persoas son expulsadas das súas casas e a maior parte da mocidade non pode emanciparse, tendo que depender na maioría dos casos da axuda da súa familia para subsistir economicamente. Pola contra, os bancos son propietarios de máis de 300 000 vivendas baleiras, e no rural moitas vivendas e mesmo aldeas enteiras fican deshabitadas pola falta de oportunidades neste medio, e coa complicidade das administracións, que se manifesta en forma de abandono por parte do poder público.”

Emenda nº51. - REXEITADA

Páx. 3, liña 38

Comarca de O Salnés

Emenda de substitución

Substituír “O noso País presenta un importante déficit en materia de mobilidade, derivando esta situación da ausencia de planificación e da falta de interese por parte da Xunta por vertebrar un sistema de transporte público que comunique as diferentes comarcas de Galiza e sexa consecuente coas características propias do noso País.

Por “O noso País presenta un importante déficit en materia de mobilidade derivado dunha serodia e incompleta transición a unha economía moderna (industrial), que atende á relación colonial que Galiza mantivo historicamente co Estado Español, perpetuada posteriormente e ata o presente por unha serie de gobernos que responden ao mesmo esquema de explotación e dependencia. Por este motivo carecemos dun sistema de transporte público vertebrado que comunique as diferentes comarcas de Galiza e sexa consecuente coas características propias do noso País.

Emenda nº52. - APROBADA

Páx. 3, liñas 42, 43, 44.

Comarca d’A Coruña.

Emenda de substitución.

Substituír “O transporte público non é a opción prioritaria, xa que ademais da falta de liñas eficientes, atopámonos co encarecemento das tarifas a nivel urbano, comarcal e intercomarcal.”

Por: “Hai que pular e loitar para que o transporte público pase a se converter na opción prioritaria da sociedade galega. A optimización dos sistemas de mobilidade públicos do noso país é un dos piares máis importantes sobre a que se podería sustentar a reestruturación demográfica e económica. Para iso, é innegábel a necesidade de mellorar e aumentar a eficiencia das liñas existentes, e unha redución, estudada, equitativa e proporcional, das tarifas a nivel urbano, comarcal e intercomarcal.”

Emenda nº53. - APROBADA

Páx. 3, liña 44

Comarca de Pontevedra

Emenda de engádegas

Logo de “comarcal e intercomarcal”

Engadir “A maiores, cómpre non esquecer o mal estado e a perigosidade das estradas galegas, todas elas con falta de seguridade viaria e mantemento, con nulos investimentos e cunha rede viaria deseñada en función do automóbil. Urxe desenvolver un novo modelo de mobilidade na rede de estradas, primando a seguranza viaria, a accesibilidade, e as formas amábeis de mobilidade, principalmente a peonil e ciclista.”

Emenda nº54. - TRANSACCIÓN

Páx. 3, liñas 48

Comarca de Pontevedra

Emenda de substitución

Substituír "As políticas postas en marcha polo goberno da Xunta de Galiza son profundamente nocivas para a realidade do noso País. Para mostra, unha das medidas do goberno de Rajoy en funcións foi asegurar 60 anos máis de ENCE en Pontevedra para seguir contaminando a Ría, destruindo postos de traballo do sector primario e favorecendo o monocultivo de especies foráneas como o eucalipto.

Os lumes que queiman cada ano os nosos montes son adxudicados directamente aos incendiarios sen investigar todos os negocios que hai detrás do lume. Tamén é destacábel que unha política continuada de abandono do rural e dos nosos bosques, unida ás plantacións masivas e desordenadas de especies invasoras (eucalipto, bambú...) e aos recortes en prevención e extinción de lumes (privatizando SEAGA e precarizando as condicións laborais das súas traballadoras e traballadores), favorecen que os incendios se propaguen cada verán con virulencia, volvéndose dificilmente evitábeis e controlábeis.

Por "Galiza é unha nación que posúe recursos materiais e inmateriais que en gran parte están condicionados por un medio natural complexo e diferenciado. O equilibrio entre a necesidade de desenvolvemento e a sustentabilidade require de estratexias transversais que afecten a todas as políticas e que conduzan a garantir un futuro con calidade de vida para as galegas e para a humanidade.

A ausencia de vontade ordenadora por parte da Xunta do PP en todos os seus períodos de goberno fixo que esteamos á cola en superficie de espazos naturais protexidos, e o que é máis grave, as escasas normas aprobadas en materia de protección do medio e os recursos están baleiras de contido. O resultado disto é que algunhas das multinacionais máis agresivas actúan con liberdade sobre o noso territorio, limitando o desenvolvemento dunha economía verde e perpetuando o espolio dos beneficios das actividades extractivas. Sen un control efectivo dos nosos sectores produtivos non poderemos regular actividades tan nocivas como a que realiza ENCE en Pontevedra, e que deriva nunha perda de biodiversidade no monte galego. O goberno de Rajoy, en funcións, puxo de manifesto o seu apoio ás políticas de destrución do medio ao asegurar 60 anos máis de ENCE en Pontevedra para seguir contaminando a Ría, destruindo postos de traballo e favorecendo o monocultivo de especies foráneas. A falta de perspectivas de futuro no rural deriva tamén dun modelo territorial español, e dunha concepción de Galiza como colonia para materias primas. En lugar de apostar pola xestión mancomunada do monte e a socialización dos beneficios que aporta, precarízase a súa xestión e privatízase SEAGA. Os lumes que queiman cada ano os nosos montes son adxudicados directamente aos incendiarios sen investigar todos os negocios que hai detrás dos incendios. En lugar de asegurar a igualdade de oportunidades para a poboación dos pequenos núcleos, degrádanse os servizos públicos e expúlsase na práctica á mocidade traballadora. Sen iniciativas innovadoras e sen mocidade, dous terzos do noso territorio están condenados a esmorecer."

Emenda nº55. - ACEPTADA

Páx. 3, liña 45
Comarca de Vigo
Emenda de engádega

Engadir novo parágrafo: "No caso do ferrocarril mellóranse liñas facéndoas máis rápidas que en consecuencia ás veces deixan sen conexión a vilas intermedias (como na liña Santiago de Compostela-Ourense) ou eliminan a posibilidade de optar a un transporte máis económico, cando se poderían compaxinar as dúas opcións perfectamente. Tamén se crean estacións sen sentido nin servizo (como a de Padrón-Barbanza) mentres non se arranxan as estacións con barreiras arquitectónicas para persoas de mobilidade reducida ou de ter unha conexión Wi-Fi nos ferrocarrís.

No caso do autobús a conexión galega e moi deficitaria, as vilas pequenas que non pertencen a metrópole dunha cidade carecen de transporte suficiente como para poder desenvolver unha vida sen transporte privado. Tamén hai innumerábeis aldeas sen un transporte público que lles permita viaxar á súa vila ou cidade de referencia para calquera tarefa. Estes aspectos dificultan unha vida normal da xente moza, que carece de transporte privado para moverse, sexa por non ter idade de conducir ou por non ter capacidade económica de ter un transporte propio".

Emenda nº56. - TRANSACCIÓN

Páx. 3 liñas 52 a 56
Comarca de O Salnés
Emenda de substitución

Substituír "Os lumes que queiman cada ano os nosos montes son adxudicados directamente aos incendiarios sen investigar todos os negocios que hai detrás do lume. Tamén é destacábel que unha política continuada de abandono do rural e dos nosos bosques, unida ás plantacións masivas e desordenadas de especies invasoras (eucalipto, bambú...) e aos recortes en prevención e extinción de lumes (privatizando SEAGA e precarizando as condicións laborais das súas traballadoras e traballadores), favorecen que os incendios se propaguen cada verán con virulencia, volvéndose dificilmente evitábeis e controlábeis.

Por "A destrución do medio comeza no momento en que este constitúe a base da actividade económica. Se esta actividade, cada vez máis agresiva co medio ambiente, rende contas a intereses privados e de fóra do país teremos unha terra exposta ao espolio e a degradación. Por iso é tan perigosa a perda de soberanía no sector primario: agricultura, gandería e mar - nos últimos 30 anos pasamos

de producir o 80% dos alimentos que consumimos a só o 20. Perder soberanía alimentaria supón renunciar a unha produción sostíbel, xa que implica consumir alimentos cunha pegada ecolóxica maior (gasto en transporte, pesticidas, conservantes...) e nos condena a unha dependencia maior das importacións e polo tanto a menos resiliencia fronte a escaseza e a especulación. Un rural esmorecente é ademais garantía dun monte sen aproveitamento e pasto do lume, monte hoxe reducido a eucalipto para ENCE e sometido a recortes en extinción e prevención de incendios. Por último, o sector do mar viuse ameazado por unha lei que pretendía converter o noso mar en parcelas privadas para a produción acuícola. No mesmo sentido, precisamos soberanía para manter o mar en bo estado ecolóxico e á vez produtivo, por riba de intereses políticos e económicos alleos. Un futuro sostíbel non é posible sen unha estratexia de produción enerxética axeitada. Mais unha vez vemos como Galiza podería autoabastecerse dun recurso sen comprometer o medio ambiente grazas á nosa riqueza natural. Pola contra temos os nosos ríos inzados de encoros e unha das centrais térmicas máis contaminantes de Europa, resultado dunha planificación pensada para sermos abastecedores de enerxía para fóra, sen beneficio para o país e para o enriquecemento de mans privadas. O nacionalismo demostrou determinación política neste eido impedindo a instalación dunha central nuclear en Xove ou coa iniciativa do concurso eólico, entre outros fitos.

Emenda nº57. - TRANSACCIÓN

Páx. 3, liña 54
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substituír “e aos recortes en prevención e extinción de lumes (privatizando SEAGA e precarizando as condicións laborais das súas traballadoras e traballadores),”,

Por “e aos recortes en prevención e extinción de lumes (privatizando SEAGA e precarizando as condicións laborais das traballadoras) e á Lei de Montes promulgada polo PP, a cal permite recalificar o solo arrasado polo lume en solo urbanizábel”,

Emenda nº58. - TRANSACCIÓN

Páx. 3, liña 57
Comarca da Barbanza
Emenda de engádega

Engadir nun novo parágrafo “O modelo SOGAMA segue a expandirse por todo o país, coa instalación de macro vertedoiros e a queima de residuos, un modelo lesivo para o noso medio natural.”

Emenda nº59. - TRANSACCIÓN

Páx. 3, liña 57
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Engadir (novo parágrafo)

2.9. Recorte de dereitos e liberdades:

O estado español non se caracteriza por ser un estado con dereitos e liberdades plenas, nin en termos dun estado neoliberal. Son coñecidas as críticas de diferentes organismos internacionais ao estado español por poñer constantes trabas ao exercicio dos dereitos e liberdades colectivas e individuais.

Nestes últimos anos vimos un retroceso dos nosos dereitos colectivos para nos organizar e difundir as nosas ideas. A entrada da Lei Mordaza no 1º de xullo de 2015 certifica que a transición foi unha manobra do sistema para continuar ideoloxicamente no franquismo mais mudando as faces e as formas.

Se ben é certo que os dereitos políticos nunca se cumpriron no estado español, nestes últimos anos vemos como este incumprimento creceu tanto cualitativa como cuantitativamente. A función principal destas accións articuladas desde o estado e as súas principais ferramentas, como o tribunal constitucional ou as forzas e corpos de seguridade do estado, é a clara intención de desmobilizar calquera movemento que se cuestione o sistema capitalista e/ou o marco estatal.

Este tipo de accións podémolas observar mellor noutras nacións que hoxe conforman o estado como Euskal Herria ou Catalunya por teren avanzado máis no proceso de liberación nacional. Vemos como políticos e cargos institucionais son inhabilitados por cuestións políticas.

Desde Galiza Nova coñecemos de primeira man a represión destes organismos estatais con diferentes actuacións (multas, arrestos domiciliarios, ...) e coñecemos tamén esa represión cara organizacións coas que traballamos en diferentes espazos do independentismo galego.

Por desgraza esta represión non fica nestas actuacións e as súas condenas. Os cárceres galegos, ademais de non cumprir a función de reinserción na sociedade, acumulan denuncias de diferentes colectivos polas torturas que alí acontecen, igual que os diferentes cuarteis da garda civil e da policía nacional ao redor do país. A situación das presas galegas é inhumana e no caso das presas políticas e aínda maior, pois as súas familias e amizades sofren a dispersión e cambios de centro constantemente.

--Cómpre tecermos unha rede de solidariedade antirrepresiva entre todos os colectivos e persoas inculadas por cuestións políticas, pois estas cuestións atentan cara todo o movemento de liberación nacional e social no que estamos inmersas.

TRANSACCIÓN Á EMENDA: achegarase na Asemblea Nacional

Emenda nº60.

Páx. 3, liña 57

Comarca de Vigo

Emenda de engádega

Engadir novo parágrafo: "O carácter de colonia de Galiza fai que sexamos un recurso enerxético e que se manipule o noso medio sen ter ningún criterio ambiental ou ecolóxico, só económico, como sucede cos centos de encoros que estragan a nosa hidrografía ou a proxección de minas ao longo de todo o país que explotan o noso medio sen ningún tipo de beneficio para a sociedade galega".

TRANSACCIÓN ÁS EMENDAS 54, 56, 57, 58, 60: "Galiza posúe recursos condicionados por un medio natural diferenciado. Equilibrar a necesidade de desenvolvemento e a sustentabilidade require estratexias propias e transversais que poidan garantir un futuro con calidade de vida.

A actividade económica é cada vez máis agresiva co medio, rende contas a intereses privados e externos, polo que temos un territorio espoliado e a degradado. A perda de soberanía no sector primario supón minguar a soberanía alimentaria e renunciar a unha produción sostíbel (máis gasto en transporte, produtos fitosanitarios, conservantes...). Precisamos soberanía para manter o mar en bo estado e á vez produtivo. Un futuro sostíbel tampouco é posíbel sen unha estratexia de produción enerxética axeitada. Mais unha vez vemos como Galiza podería auto-abastecerse dun recurso sen comprometer o medio grazas á nosa riqueza natural.

A ausencia de vontade ordenadora por parte da Xunta do PP fai que esteamos á cola en superficie de espazos naturais protexidos e, o que é máis grave, as escasas normas aprobadas en materia de protección do medio e os recursos están baleiras de contido. O PP segue a potenciar que o modelo SOGAMA se expanda por todo o país, coa instalación de macro vertedoiros e a queima de residuos. Así mesmo, as multinacionais continúan a degradar con liberdade o noso territorio. ENCE, á que o Goberno de Rajoy en funcións lle asegurou 60 anos máis en Pontevedra, contamina a Ría, destrúe postos de traballo e favorece o monocultivo de especies foráneas.

A falta de perspectivas de futuro no rural deriva tamén dun modelo territorial español, e dunha concepción de Galiza como colonia para materias primas. Temos un rural que esmorece cun monte sen aproveitamento, reducido a eucalipto para ENCE e sometido a recortes en extinción e prevención de incendios. En lugar de apostar pola xestión mancomunada do monte e a socialización dos beneficios que aporta, precarízase a súa xestión e privatízase SEAGA. Os lumes son adxudicados directamente aos incendiarios sen investigar todos os negocios que hai detrás dos incendios. De feito, o PP vén de promulgar unha Lei de Montes que permite recalificar o solo arrasado polo lume en solo urbanizábel.

Non se poñen en marcha políticas sustentábeis e respectuosas co medio que permitan aproveitar os nosos recursos. En lugar de asegurar a igualdade de oportunidades para a poboación dos pequenos núcleos, degrádanse os servizos públicos e expúlsase na práctica á mocidade. Sen iniciativas innovadoras e sen mocidade, condenan a dous terzos do noso territorio a esmorecer."

Emenda nº61. - REXEITADA

Páx 3 liña 60

Comarca do Condado

Emenda de substitución

**Substituír "igualdade",
por "equidade"**

Emenda nº62. - REXEITADA

Páx. 3, liña 68
Comarca de Pontevedra
Emenda de engádega

Logo de “a Unión Europea.”

Engadir “Tense demostrado a irreformabilidade do Estado español, o único xeito de acadar a soberanía para o pobo galego é mediante un proceso de autodeterminación que culmine cun estado propio que sexa quen de tomar as súas propias decisións. Porén, na actual fase globalizadora do capitalismo estase a mostrar como estados supostamente independentes non son donos da súa soberanía, aínda máis dentro da UE. Deste xeito para facer de Galiza un país quen de decidir sobre o seu, é necesario non só chegar a unha independencia formal, senón pular por outro modelo económico, no cal o noso pobo teña capacidade real de decisión e non as grandes empresas.”

Emenda nº63. - ACEPTADA

Páx 3 liña 70
Comarca do Condado
Emenda de substitución

Substituír “Reclamamos traballo digno e na terra, estábel, con dereitos e xustamente remunerado”,
por “Reclamamos traballo digno, na terra, estábel, con dereitos e xustamente remunerado.”

Emenda nº64. – REXEITADA POR ACEPTACIÓN DA EMENDA 66

Páx. 4, liña 9
Comarca da Barbanza, Comarca de Ourense
Emenda de engádega

Logo de “laico”,
Engadir “de carácter científico.”

Emenda nº65. - ACEPTADA

Páx. 4, Liña 9.
Comarca de Ourense
Emenda de substitución

Substituír “non patriarcal”
Por “non heteropatriarcal”

Emenda nº66. - ACEPTADA

Páxina 4, liña 10.
Comarca de Ourense
Emenda de engádega

Despois de “ensino pedagóxico”
Engadir “e científico”

Emenda nº67. - ACEPTADA

Páx. 4, liña 12.
Comarca d’A Coruña
Emenda de engádega

Logo de “...o dereito universal de todos e todas as galegas a unha educación pública e galega”.
Engadir “... e gratuíta”.

Emenda nº68. - TRANSACCIÓN

Páx. 4, liña 13
Comarca de Vigo
Emenda de engádega

Engadir novo parágrafo: “Isto é fundamental se queremos que o noso idioma se perpetúe no tempo, pois a perda de falantes é alarmante nas xeracións máis novas, sendo fundamental un ensino que garanta o coñecemento e uso da nosa lingua”.

TRANSACCIÓN Á EMENDA: “Isto é fundamental se queremos que o noso idioma se perpetúe no tempo, pois a perda de falantes é alarmante nas xeracións máis novas, sendo **prioritario** un ensino que garanta o coñecemento e uso da nosa lingua”.

Emenda nº69. - REXEITADA

Páx. 4, liña 14.
Comarca d’A Coruña
Emenda de substitución.

Substituír: “Queremos un ensino laico no que a materia de relixión non forme parte do currículo escolar nin estea presente nos centros de ensino. 15 Pulamos pola eliminación dos concertos educativos, a comezar polos centros que segregan alumnado por sexos.”

Por: “Na Galiza existen a día de hoxe aproximadamente 200 centros de ensino en todas as súas modalidades obrigatorias que posúen unha xestión de carácter privada, o que non quere dicir que o seu financiamento sexa exclusivamente particular. O Estado español e a Xunta de Galicia favoreceron non xa a súa perpetuación, senón que promoveron a súa creación principalmente en núcleos urbanos ó longo dos últimos 40 anos. Así, resultaba máis doado, e rápido eleitoralmente falando, para os diversos gobernos locais e da Xunta de Galiza, no tanto de construír centros de primaria e secundaria, chegar a acordos (concertos educativos) con estas institucións de ensino privado. Institucións que por motivos históricos derivados da ditadura pertencían e pertencen na súa meirande parte a distintas ordes relixiosas.

Queremos, pois, un ensino laico no que a materia de relixión non forme parte do currículo escolar nin estea presente nos centros de ensino. Pulamos pola eliminación dos concertos educativos, a comezar polos centros que segregan alumnado por sexos.”

Emenda nº70. – REXEITADA POR TRANSACCIÓN DA 71

Páx. 4, liña 16
Comarca de Vigo
Emenda de engádega

Engadir novo parágrafo: “Nos estudos de FP é necesario un plan organizativo que se axuste á realidade xeográfica galega e que permita escoller estudos sen que existan limitacións por cuestións de vivenda ou transporte”.

Emenda nº71. – REXEITADA POR TRANSACCIÓN DA 71

Páx. 4, liña 16
Comarca de Vigo
Emenda de engádega

Engadir novo parágrafo: “Na Universidade é necesario unha regulación lingüística que obrigue á presenza do noso idioma nos estudos normalizando o seu uso en todos os campos do saber”.

Emenda nº72. - ACEPTADA

Páx. 4, liña 17.
Comarca d’A Coruña, Comarca de Ourense
Emenda de substitución

Substituír: “...rodas”.

Por: “...todas”.

Emenda nº73. - TRANSACCIÓN

Páx. 4, liña 18
Comarca de Pontevedra
Emenda de engádega

Logo de “se poidan permitir.”

Engadir “Consideramos tamén fundamental que o galego sexa a lingua vehicular en todas as etapas educativas e que a través do ensino se fomente a produción científica e cultural no noso idioma.

Para un marco educativo galego precisamos dunha distribución axeitada das titulacións de Formación Profesional en consonancia co mapa produtivo comarcal do noso País e dunha reestruturación do sistema universitario galego nunha Universidade galega única. O sistema de tres universidades só implica unha disputa entre elas polos poucos fondos existentes e un solapamento de graos, provocando competencia entre elas.”

TRANSACCIÓN ÁS EMENDAS 70, 71, 73 “Consideramos tamén fundamental que o galego sexa a lingua vehicular en todas as etapas educativas, **tamén na universidade**, e que a través do ensino se fomente a produción científica e cultural no noso idioma.

Para un marco educativo galego precisamos dunha distribución axeitada das titulacións de Formación Profesional en consonancia co mapa produtivo comarcal do noso País e dunha reestruturación do sistema universitario galego nunha Universidade galega única. O sistema de tres universidades só implica unha disputa entre elas polos poucos fondos existentes e un solapamento de graos, provocando competencia entre elas.”

Emenda nº74. - ACEPTADA

Páx. 4, liña 18
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Despois de “estudantes se poidan permitir”

Engadir “así como a creación e mellora dos comedores escolares”

Emenda nº75. - REXEITADA

Páx. 4, liña 20
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

punto 3.2, apartado "Investigación e coñecemento" (liñas 20-28): considero que habería que fomentar/axudar á creación de revistas científico-técnicas indexadas. De este xeito favorécese o uso do galego no ámbito investigador, a formación de persoal investigador en galego e un facilitamento do crecemento curricular e, por tanto, unha maior competitividade dos nosos investigadores. Considerando a Dificultade poderíase colaborar e fomentar dun xeito mais activo a colaboración con revistas da lusofonía.

Emenda nº76. - ACEPTADA

Páx. 4, liña 33
Comarca da Montaña
Emenda de engádega

Logo de “... da situación económica ou familiar de cada quen.”,

Engadir “e tamén para as persoas migrantes.”

Emenda nº77. – REXEITADA POR ACEPTACIÓN DA 78

Páx. 4, liña 36
Comarca de Pontevedra
Emenda de engádega

Logo de “de forma totalmente gratuíta.”

Engadir “Ademais, insistimos no dereito a un aborto libre e seguro na sanidade pública.”

Emenda nº78. - APROBADA

Páx. 4, liña 37

Comarca da Montaña

Emenda de engádega

Logo de "...de forma totalmente gratuíta."

Engadir "Demandamos unha verdadeira implicación da Xunta de Galiza para combater os trastornos alimenticios, mediante a creación de obradoiros específicos, formando ás traballadoras dos centros de ensino na detección precoz e creando unha rede asistencial sólida. Asemade, cómpre regulamentar a publicidade e os modelos de beleza promovidos pola industria para previr estes trastornos. Reclamamos tamén o dereito a poder abortar na sanidade pública, sen que isto poña en perigo as nosas vidas e sen que se nos obrigue a desprazarnos a centros situados fóra da Galiza. Resulta primordial legislar acerca da obxección de conciencia dos profesionais sanitarios para que isto non sexa unha escusa que menoscabe os nosos dereitos reprodutivos."

Emenda nº79. - REXEITADA

Páx. 4, liña 41

Comarca da Montaña

Emenda de substitución

Substituír "recuperación"

Por "potenciación"

Emenda nº80. - TRANSACCIÓN

Páx. 4, liña 43

Comarca de Compostela

Emenda de substitución

Substituír todo o punto 3.3

Por "Queremos construír unha Galiza feminista, superadora do patriarcado, sen discriminación por xénero ou orientación sexual. Nos últimos anos vimos como os asasinatos machistas foron aumentando e son moitas as mulleres que viven situación dramáticas. Esiximos polo tanto a creación de medidas específicas por parte do goberno galego e non admitimos recortes nin retrocesos na loita contra o terrorismo machista.

Ante a recrudescencia da opresión sobre as mulleres, o noso compromiso é derrubar o sistema patriarcal, a través do traballo da militancia, da Asemblea de Mulleres e do movemento feminista galego. Debemos actuar con contundencia e combatividade ante as agresións que padecemos e aumentar a consciencia da mocidade pola emancipación das mulleres e polo noso empoderamento. A militancia debe ser quen de analizar a realidade e ter consciencia das situacións de desigualdade que nos rodean, sensibilizándose e actuando diariamente contra as violencias que afectan ás mozas, tanto as físicas como as non visíbeis.

Debemos ser conscientes da incidencia que ten a linguaxe na perpetuación das desigualdades, pois esta non é neutra. Neste senso, a militancia de Galiza Nova Nova debe facer un uso consciente da linguaxe inclusiva e non sexista no seu día a día, así como en calquera manifestación pública, oral ou escrita da organización.

Desde a Asemblea de Mulleres de Galiza Nova, xunto ao movemento feminista galego, seguiremos traballando para esixir poder de decisión sobre as nosas vidas e que ningunha lei nos poida arrebatarnos a soberanía dos nosos corpos, como está a acontecer coas mozas de 16 e 17 a quen se lles impón autorización de pais, nais ou xudicial para decidir sobre a súa maternidade.

Galiza Nova leva moitos anos reivindicando as liberdades afectivo sexuais e outro modelo de relacións entre as persoas, superando os preconceptos e as categorías, baseado na soberanía dos corpos, nunha sexualidade libre, segura e gozosa. Dende a Comisión de Liberdades Sexuais e Diversidade de Xénero cómpre realizar un traballo continuado, pedagóxico, extensivo en todo o territorio e reivindicativo. Reivindicamos unha sexualidade libre e diversa, fronte ao patrón único da heteronormatividade e a dominación do

heteropatriarcado. Esiximos unha aposta clara no sistema educativo e a penalización de todos os ataques discriminadores e penalizadores das persoas LGTBI.”

Emenda nº81. - TRANSACCIÓN

Páx. 4, liña 43
Comarca de Compostela
Emenda de substitución

Substituír “3.3. Soberanas. Feminismo e liberdades sexuais.”

Por “3.3. Soberanas. Feminismo e liberdades sexuais e de xénero.”

Emenda nº82. - REXEITADA

Páx. 4, liña 43
Comarca de Compostela
Emenda de substitución

Substituír “o terrorismo machista”

Por “a violencia inherente do patriarcado”

Emenda nº83. - TRANSACCIÓN

Páx. 4, liña 48
Comarca de Compostela
Emenda de substitución

Substituír “asasinatos machistas”

Por “feminicidios”

Emenda nº84. - REXEITADA

Páx. 4, liña 59
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substituír “non é neutra”, **Por** “é principalmente masculina”.

Emenda nº85. - TRANSACCIÓN

Páx. 4, liña 60
Comarca de Compostela
Emenda de substitución

Substituír “inclusiva e non sexista”

Por “sendo esta non sexista e empregando o feminino inclusivo, sabendo que é unha ferramenta para visibilizar e dar voz ás mulleres nos espazos públicos e privados”

TRANSACCIÓN ÁS EMENDAS 80, 81, 83, 85: “3.3. Soberanas. Feminismo, liberdades sexuais e diversidade de xénero.

Queremos construír unha Galiza feminista, superadora do patriarcado, sen discriminación por xénero ou orientación sexual. Nos últimos anos vimos como os feminicidios foron aumentando e son moitas as mulleres que viven situacións dramáticas. Esiximos polo tanto a creación de medidas específicas por parte do goberno galego e non admitimos recortes nin retrocesos na loita contra o terrorismo machista. Ante a recrudescencia da opresión sobre as mulleres, o noso compromiso é derrubar o sistema patriarcal, a través do traballo da militancia, da Asemblea de Mulleres e do movemento feminista galego.

Debemos actuar con contundencia e combatividade ante as agresións que padecemos e aumentar a consciencia da mocidade pola emancipación das mulleres e polo noso empoderamento. A militancia debe ser quen de analizar a realidade e ter

consciencia das situacións de desigualdade que nos rodean, sensibilizándose e actuando diariamente contra as violencias que afectan ás mozas, tanto as físicas como as non visíbeis. Debemos ser conscientes da incidencia que ten a linguaxe na perpetuación das desigualdades, pois esta non é neutra. Neste senso, a militancia de Galiza Nova debe facer un uso consciente da linguaxe inclusiva e non sexista no seu día a día, así como en calquera manifestación pública, oral ou escrita da organización e introducindo o emprego do feminino xenérico como ferramenta para visibilizar e dar voz ás mulleres nos espazos públicos e privados.

Desde a Asemblea de Mulleres de Galiza Nova, xunto ao movemento feminista galego, seguiremos traballando para esixir poder de decisión sobre as nosas vidas e que ningunha lei nos poida arrebatarnos a soberanía dos nosos corpos, como está a acontecer coas mozas de 16 e 17 a quen se lles impón autorización de pais, nais ou xudicial para decidir sobre a súa maternidade. Galiza Nova leva moitos anos reivindicando as liberdades afectivo sexuais e outro modelo de relacións entre as persoas, superando os preconceptos e as categorías, baseado na soberanía dos corpos, nunha sexualidade libre, segura e gozosa. Dende a Comisión de Liberdades Sexuais e Diversidade de Xénero cómpre realizar un traballo continuado, pedagóxico, extensivo en todo o territorio e reivindicativo. Reivindicamos unha sexualidade libre e diversa, fronte ao patrón único da heteronormatividade e a dominación do heteropatriarcado. Esiximos unha aposta clara no sistema educativo e a penalización de todos os ataques discriminadores e penalizadores das persoas LGTBI.”

Emenda nº86. - REXEITADA

Páxina 4, liña 79.

Comarca de Ourense

Emenda de supresión

Suprimir “Somos moi conscientes de todas as posibilidades que nos brinda a nosa lingua, mesmo a nivel internacional dentro da comunidade lusófona, polo que é fundamental a posta en práctica da ILP Valentín Paz Andrade, aprobada no Parlamento de Galiza. Ademais, debemos difundir proxectos e iniciativas en galego coa grafía do Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa (AOLP) e introducir máis contidos con esta grafía nas nosas publicacións”.

Emenda nº87. - REXEITADA

Páx. 5, liña 1

Comarca de Vigo

Emenda de engádegas

Logo de “parlamento de Galiza”,

Engadir “fomentando así a independencia dentro do intersistema lusófono”.

Emenda nº88. - REXEITADA

Páx. 5, liña 1

Comarca de Vigo, Comarca de Ferrolterra

Emenda de supresión

Suprimir “Ademais, debemos difundir proxectos e iniciativas en galego coa grafía do Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa (AOLP) e introducir máis contidos con esta grafía nas nosas publicacións”.

Emenda nº89. - REXEITADA

Páx. 5, liña 1

Comarca do Baixo Minho

Emenda de substitución

Substituír “Ademais, debemos difundir proxectos e iniciativas en galego coa grafía do Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa (AOLP) e introducir máis contidos con esta grafía nas nosas publicacións”

Por “Ademais, tendo en conta que vivimos na era da globalización, onde este concepto se transforma no brazo cultural do capitalismo, e con unha realidade social cada vez máis desligada da súa lingua e polo tanto da súa identidade, tornase necesario acceder a este mundo a través da ferramenta e abanico de posibilidades que é que o galego sexa unha lingua diversa e internacional, que como ben dixo Castelao, florece en Portugal e de facto nos cinco continentes.

Renunciar a nosa identidade global sería dinamitar as posibilidades de supervivencia da nosa cultura e lingua no ámbito de esta realidade cada vez máis culturalmente homoxenizada.

Atendendo tamén a pluralidade da militancia e da sociedade a hora de usar as diferentes grafías da nosa lingua, e buscando tamén exteriorizar a presenza de este tipo de alternativas, co fin de chegar tamen a trasladalas aos centros de ensino, cada vez mais españolizados, entendemos que é necesario comprometerse ao uso paritáreo da normativa internacional do galego con a ILG RAG, xa sexa nos comunicados da organización como na presenza pública da mesma (web, redes sociais, etc).”

Emenda nº90. - REXEITADA

Páx. 5 liña 3

Comarca do Condado

Emenda de engádega

Logo de “nas nosas publicacións”,
engadir “e acción política.”

Emenda nº91. - ACEPTADA

Páx. 5, liña 8

Comarca de Pontevedra

Emenda de supresión

Substituír "que debe tomarse este aspecto como un deber."

Por “servindo esta como exemplo.”

Emenda nº92. - REXEITADA

Páx. 5, liña 13

Comarca de Vigo

Emenda de substitución

Substituír “españolizadoras”,

Por “contrarias á especificidade do noso pobo,”

Emenda nº93. - TRANSACCIÓN

Páx. 5, liña 19

Comarca da Emigración

Emenda de

punto 3.4, apartado "Medios de comunicación" (liñas 19-27): axuda para a presenza de filmes e series actuais traducidas ao galego.

Emenda nº94. - TRANSACCIÓN

Páx. 5, liña 21

Comarca de Vigo

Emenda de substitución

Substituír “A programación da TVG non está acorde coa realidade galega e eliminou especialmente programas infantís que actuaban como axentes normalizadores. Queremos medios da comunicación cuxas premisas sexan a liberdade e a obxectividade e que utilicen a lingua galega na totalidade da súa programación”,

Por “É fundamental o papel da nosa televisión pública, a TVG, que debe converterse nun axente normalizador da lingua cunha programación que axude a este fin, unha publicidade íntegra en galego e unha segunda canle destinada ás xeracións máis novas do noso país con contidos actualizados”.

Emenda nº95. - TRANSACCIÓN

Páx. 5, liñas 21

Comarca de Pontevedra

Emenda de substitución

Substituír todo o parágrafo

Por “Os medios públicos e os medios de empresas privadas manipulan a realidade do noso País en favor do sistema. Neste momento a gran maioría dos medios de comunicación aos que ten acceso o noso pobo pertencen a conglomerados mediáticos españois con capital transnacional, distorsionando a realidade de forma dupla: por un lado filtrando a información en base aos seus propios intereses corporativos, e por outro mostrando unha óptica centralista da realidade que nos ignora como realidade diferenciada tanto a nivel informativo como cultural.

A programación da CRTVG non está acorde coa realidade galega, mostrando con frecuencia unha imaxe tópica e folclórica do noso país e ocultando toda a súa riqueza e diversidade no plano cultural. A maiores, a TVG eliminou a maior parte de contidos destinados á mocidade, especialmente programas infantís que actuaban e eran socialmente moi recoñecidos como axentes normalizadores da lingua entre o público máis novo.

Queremos medios da comunicación cuxas premisas sexan a liberdade e a obxectividade, rematando coa tradición de manipulación informativa pola que é tristemente recoñecida actualmente a nosa televisión pública, e que utilicen a lingua galega na totalidade da súa programación. Os medios deben facer un tratamento adecuado das noticias sobre a violencia machista, visibilizándoa e evitando o sensacionalismo morboso e a linguaxe e imaxes sexistas. Esiximos que inclúan campañas de promoción da diversidade e o respecto e contra a LGTBIfobia.”

Emenda n°96. - TRANSACCIÓN

Páx. 5, liñas 21

Comarca da Emigración

Emenda de substitución

Substituír todo o parágrafo

Por “Os medios de comunicación forman parte do noso día a día, porén non cumpren a función que deberían (informar, educar e entreter), senón que a súa actividade corresponde a unha estratexia de manter a hexemonía dun sistema conservando, difundindo e normalizando situacións de desigualdade.

A programación das canles de televisión mantén un tratamento das desigualdades potenciandoas e defendéndoas. É de importancia resaltar o poder dos medios de comunicación para manter unha estrutura cisheteropatriarcal, con un contido sexista e estereotipado dos diversos xéneros e orientacións sexuais. O tratamento da violencia machista criminaliza á vítima e é empregado con fins económicos empregando recursos como o sensacionalismo e o morbo.

O tratamento e a cobertura que se fan de certos temas responden tamén a unha ótica clasista e racista, pois vemos como a clase e/ou a étnia son tratadas como causa de acontecementos ben legal, ben eticamente cuestionábeis. Desta maneira lévase ao imaxinario colectivo premisas falsas como que os musulmáns son terroristas ou as persoas en risco de exclusión social rouban.

A partir do 2002, coa modificación da lei da televisión privada de 1988, a participación económica permitida por un mesmo suxeito ou corporación pasa do 25% ao 100%, polo que os medios de comunicación pasan a concentrarse máis nas mans de poucas e grandes corporacións capitalistas. Desta maneira as televisións pasan a ser aínda menos plurais e respondendo unicamente a intereses económicos dos grandes capitalistas.

A televisión pública serve, ao igual que a televisión privada, para manter as estruturas de poder vixentes. A televisión galega é sen dúbida un claro exemplo desta estratexia política, onde podemos ver perfectamente como a súa programación non está acorde coa realidade galega. Esta televisión difunde a imaxe dun pobo que non se vale por si mesmo, que non sabe o que lle convén, pero que é feliz así.

No ámbito da prensa escrita pasa un pouco o mesmo, os xornais e revistas existentes na Galiza pertencen na súa maioría a grandes empresas capitalistas e no caso que non sexa así a Xunta da Galiza paga unhas subvencións a estes medios (alegando publicidade institucional ou normalización lingüística) para que sigan a liña editorial que marca o sistema. Desta maneira para os medios escritos que nacen da vontade popular de crear unha información obxectiva e cos pes no país teñen complicada a inserción nun mercado gobernado polos grandes agregados da comunicación e por medios pagados desde as institucións.

Outra das funcións destes medios de comunicación é continuar coa colonización lingüística. Podemos ver como a Xunta ingresa subvencións a diferentes medios de comunicación pola promoción e uso da lingua galega e logo estes medios empregan a nosa lingua de maneira residual, se a chegan a usar. Ademais a RTP non se pode visualizar no noso país, obstaculizando a normalización da nosa lingua e cortando a vinculación do galego co mundo da lusofonía.

Debemos reclamar e potenciar os medios de comunicación en galego e cos pes na terra, obxectivos e que fomenten a liberdade de expresión do pobo. A información é poder, e rachar co oligopolio dos medios de comunicación acheganos a unha concienciación do que fomos, do que somos e do que poderíamos chegar a ser”.

Emenda n°97. - TRANSACCIÓN

Páx. 5, liña 23

Comarca de Vigo

Emenda de engádega

Logo de “a lingua galega”,

Engadir “coa fonética propia galega”.

TRANSACCIÓN ÁS EMENDAS 93, 94, 95, 96, 97: A estratexia dos medios de comunicación de masas é manter a hexemonía do sistema. A programación das canles de televisión mantén un tratamento das desigualdades potenciándoas e defendéndoas. A maioría dos medios de comunicación aos que ten acceso o pobo galego pertencen a conglomerados mediáticos españois con capital transnacional, que distorsionan a realidade manipulando a información en base aos seus intereses económicos, e actuando baixo unha óptica centralista que nos ignora como pobo.

O tratamento e a cobertura dos medios faise desde a óptica españolista, clasista e racista. Galiza é continuamente marxinalizada, os nosos nomes propios e toponimia son deturpados, e as galegas e galegos somos ridiculizados e motivo de innumerábeis esterotipos e mofas xenófobas. A programación da CRTVG non está acorde coa realidade galega, mostrando unha imaxe tópica e folclórica do noso país e ocultando toda a súa riqueza e diversidade no plano cultural. A TVG eliminou a maior parte de contidos destinados a mocidade e crianzas, a pesar de ter altos niveis de audiencia e ser recoñecidos como axentes normalizadores da lingua. É preciso recuperalas, combinar contidos propios con programas dobrados ao galego. Queremos tamén recibir o sinal da RTP para ampliar a vinculación coa lusofonía.

Isto mesmo acontece na prensa, pertencendo os xornais e revistas que se distribúen en Galiza a grandes empresas capitalistas españolas e transnacionais. Ademais a Xunta da Galiza subvenciona con partidas de normalización lingüística aos xornais conservadores galegos que nunca empregan o noso idioma. Faise máis necesario ca nunca o impulso de medios propios e en galego, que informen desde unha visión crítica, analítica e veraz, como o semanario sermos Galiza.

Emenda nº98. - REXEITADA

Páxina 5, liña 28,

Comarca de Ourense

Emenda de substitución

Substituír “Parágrafo” software libre e soberanía tecnolóxica

Por “- Software libre e soberanía tecnolóxica. Privacidade e anonimato.

Software libre para unha sociedade libre, así se titula o ensaio do principal filósofo deste movemento, Richard Stallman. O software, ao igual que a sociedade, está regulado e a palabra “libre” non ten que ver co prezo, senón coa liberdade de elixir, de compartir, liberdade de expresión, de modificar, colaborar, ... Moitos dos principios que sen dúbida comparte a nosa organización.

O software libre, entre outras cousas, permítenos acceder, modificar e compartir un determinado programa, algo tan simple coma iso permite que os programadores poidan adaptar o software a necesidades específicas, que existan proxectos como “proxecto trasno” que se encarga de traducir diversos aplicativos a nosa lingua, proxectos como “ozulo”, “gpul” ou “trisque!” que realizan eventos na nosa lingua achegando estas tecnoloxías á sociedade.

Por outra banda, poderíamos dicir que ferramentas privativas das grandes corporacións (Microsoft, Apple, Amazon, Adobe, ...) son fiabeis? Son fiabeis as grandes redes sociais como “Facebook” e ferramentas de comunicación como o “What’s app”? Sendo fiábel cando algo fai o que se supón que ten que facer e só iso.

A resposta é non, en moitos casos pasamos de ser usuarias e usuarios a produtos, comercian con nós e as publicacións que se realizan. Vulneran claramente o dereito á privacidade e anonimato.

O software libre, ao permitir acceder ao código, permite que programadores que o analicen, alertar ás usuarias e usuarios de que non e fiábel, crear parches para os aplicativos que eliminen ese mal uso, etc...

Por iso, debemos loitar activamente contra as corporacións que atacan ás liberdades das usuarias e usuarios e apoiar activamente o movemento do software libre, abandonando esas ferramentas e tecnoloxías e pasando a empregalo no noso día a día.”

Emenda nº99. - TRANSACCIÓN

Páx.5, liñas 30

Comarca de Pontevedra

Emenda de substitución

Substituír “É prioritario potenciar a creación tecnolóxica do noso País, así como favorecer a utilización dos software libre, que ademais de crear postos de traballo fai que deixemos de depender de multinacionais con sede nos EUA.”

Por "O uso de software privativo supón a renuncia á soberanía tecnolóxica e computacional. Empregando software privativo, as compañías que nos venden o software teñen na súa man o control dos nosos datos e ata poden alterar o funcionamento dos seus programas, sen posibilidade algunha de control pola nosa parte. Pola contra, o software libre danos a posibilidade de modificar o código dos programas segundo as nosas necesidades, facéndonos independentes e, adicionalmente, facilitando a tradución do software ao galego (favorecendo por tanto a normalización lingüística).

Defendemos medidas necesarias como o uso, distribución e promoción de software non privativo por parte das institucións, o uso de sitios web oficiais plenamente accesibles para os usuarios que empreguen software libre, e o emprego de formatos e protocolos libres tales como OpenDocument.

No ensino, defendemos que se forme exclusivamente no uso de ferramentas libres sempre que sexa posible, e que baixo ningunha circunstancia se obrigue ao estudiantado a adquirir paquetes de software privativo. Propoñemos tamén a fin dos convenios con empresas de software que obrigan a empregar os seus produtos no ensino, por ser unha práctica monopolista que obriga ao estudiantado a empregar ferramentas non libres."

Emenda nº100. - TRANSACCIÓN

Páx.5, liñas 30
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substituír o parágrafo: "É prioritario dar a dispoñibilidade de usar en galego a tecnoloxía existente así como potenciar a creación tecnolóxica do noso País. Hai que favorecer a utilización do software libre en idioma galego, que ademais de crear postos de traballo fai que deixemos de depender de multinacionais con sede nos EUA".

TRANSACCIÓN ÁS EMENDAS 99, 100: achegarse na Asemblea Nacional

Emenda nº101. - ACEPTADA

Páx. 5, liña 31
Comarca de Pontevedra
Emenda de engádega

Logo de "multinacionais con sede nos EUA"

Engadir "A administración debe garantir o acceso universal á información e ás necesidades en materia tecnolóxica, prestando especial atención ás potencialidades das TICs no ámbito educativo e investigador."

Emenda nº102. - ACEPTADA

Páx. 5, liña 37
Comarca da Emigración
Emenda de substitución

Logo de "cuestións de sexo"

Engadir "e de orientación sexual"

Emenda nº103. - ACEPTADA

Páx. 5, liña 42
Comarca de Pontevedra
Emenda de engádega

Logo de "identificación con Galiza."

Engadir "No eido da música, alí onde non existan locais de ensaio públicos e gratuítos para a mocidade reclamaremos a súa apertura e acondicionamento. Naqueles xa existentes reivindicaremos a mellora do seu funcionamento, con horarios axeitados, e que sexan empregados coma un punto de encontro e de posta en común da creatividade da xente moza que dedique a isto o seu tempo de lecer, non unicamente como salas de ensaio, senón empregando o seu espazo para diferentes usos culturais."

Emenda nº104. - TRANSACCIÓN

Páx. 5, liña 49
Comarca de Compostela
Emenda de substitución

Substituír “Para solucionar as situacións que viven as persoas drogodependentes e as súas familias non podemos aceptar as insuficientes políticas do PP no goberno da Xunta, excluindo socialmente e desprezando a aquelas persoas que sofren estas enfermidades. Precisamos políticas que potencien plans de prevención e información sobre drogas, obradoiros de saúde sobre trastornos alimenticios e puntos de información e axuda.”

Por “ Se realmente queremos solucionar a situación que viven as usuarias de drogas teremos que desenvolver medidas de axuda e integración. Para tal fin, cómpre aplicar en troca de das medidas opresoras e excluíntes sobre as usuarias, medidas de despenalización das drogas.”

TRANSACCIÓN Á EMENDA: achegarase na Asemblea Nacional

Emenda nº105. - ACEPTADA

Páx. 5, liña 51

Comarca da Montaña

Emenda de supresión

Suprimir “obradoiros de saúde sobre trastornos alimenticios”

Emenda nº106. - ACEPTADA

Páx. 5, liña 53

Comarca de Compostela

Emenda de engádega

Logo do final do parágrafo.

Engadir “En xeral, os trastornos alimenticios non son simplemente enfermidades mentais, son trastornos enmarcados nunha estrutura social machista, sexista e individualista. Desde Galiza Nova pularemos por desenvolver obradoiros desde a infancia e na mocidade para educar dun xeito saudábel sobre as nosas relacións cos nosos corpos.”

Emenda nº107. - ACEPTADA

Páx.5, liñas 56-61

Comarca da Montaña

Emenda de substitución

Substituír “Esiximos a expropiación das vivendas baleiras ... que garantan unha vida plena e digna. “

Por “A existencia de vivendas baleiras debe converterse nunha oportunidade para facilitar o aluguer ou ben o acceso en propiedade pensando especialmente nos colectivos que máis dificultades teñen no acceso á vivenda, nomeadamente a mocidade. En concreto, o rural galego representa un medio con moitas potencialidades a nivel económico e cultural que, coa política adecuada, e dado o gran número de vivendas abandonadas nel, pode converterse no futuro de boa parte da mocidade galega. É competencia das administracións autonómicas e locais pular pola recuperación do rural, dotándoo de acceso a servizos públicos e alternativas económicas, e considerándoo un sector estratéxico e chave en Galiza.

En Galiza Nova esiximos que se garanta o acceso da mocidade a unha vivenda digna, mediante alugueiros sociais e o incremento das axudas para a vivenda da mocidade que se desprace a outras comarcas para estudar ou traballar. Esiximos a expropiación das vivendas baleiras en propiedade da banca para a creación de parques de vivenda pública en alugueiro dirixidos a persoas sen recursos e xente nova.”

Emenda nº108. – REXEITADA POR ACEPTACIÓN DA EMENDA 107

Páx. 5, liña 59

Comarca da Montaña

Emenda de substitución

Substituír “área potencialmente habitábel”

Por “área recuperábel para a mocidade”

Emenda nº109. - ACEPTADA

Páx. 5, liña 65
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substituír “Por iso defendemos un ferrocarril público de proximidade, público, económico e sostíbel: o GALTREN”,
Por “Por iso defendemos o proxecto do GALTREN, un ferrocarril público, de proximidade, económico esotíbel que comunicaría zonas con demanda como a cidade de Lugo, a comarca do Barbanza, Bergantiños ou faría útil a liña do norte de Galiza”.

Emenda nº110. - ACEPTADA

Páx. 5, liña 66
Comarca de Lugo - Centro.
Emenda de supresión

Suprimir o primeiro “público”

Emenda nº111. - REXEITADA

Páx. 5, liña 66
Comarca de A Mariña
Emenda de substitución

Substituír “Galtren”,
Por “Galitren”

Emenda nº112. - ACEPTADA

Páx. 5, liña 71
Comarca de Pontevedra
Emenda de engádegas

Logo de “unha mellor comunicación”,

Engadir “(punto e aparte) Ademais, é preciso investir na conservación da rede viaria e na mellora da seguraza, con medidas de pacificación e calmado de tráfico, así como na mellora da accesibilidade universal, pensando nas persoas con diversidade funcional. Alén disto, cómpre potenciar as formas de mobilidade amábel e sustentábel, caso da peonil e ciclista, como alternativas reais ao transporte contaminante ou para o ocio.”

Emenda nº113. - TRANSACCIÓN

Páx. 5, liñas 74 a 75
Comarca de O Salnés
Emenda de substitución

Substituír “No camiño colectivo cara a sustentabilidade é onde se atopa a resposta para conseguir reverter a situación actual e futura adoptando políticas e tecnoloxías limpas.

Por “A premisa elemental para camiñar cara unha Galiza sustentábel debe ser a confrontación e superación do mantra capitalista do crecemento económico como única vía de progreso. Os recursos do planeta son limitados, e o crecemento baseado no ciclo de explotación de materias primas para a produción en masa de bens de consumo está condenado ao esgotamento. Precisamos cambiar radicalmente o modo de produción e consumo para asegurar un futuro ao planeta. A visión reducida de que a sustentabilidade consiste só en apostar por novas tecnoloxías máis eficientes ou por hábitos de consumo individuais máis responsables só contribúe a non cuestionar o problema de raíz, que é un sistema voraz e destrutivo co planeta. Con todo, o cambio climático é un proceso imparábel do que non se salvará Galiza e cuxas consecuencias comezaremos ver nun prazo curto de tempo: mudanzas no réxime de precipitacións, temperatura, nivel do mar, e polo tanto territorio, fauna e flora. Cómpre estarmos preparadas como sociedade para adaptarnos a esta nova realidade, tamén no eido político, para non deixar que o capital especule coa eventual escaseza que este novo

paradigma mundial pode traer. Por iso é fundamental construírmos e exercermos eficientemente a nosa soberanía tanto alimentaria, como enerxética, na xestión dos residuos, pasando pola remunicipalización de servizos de abastecemento e depuración de auga. ”

Emenda nº114. - TRANSACCIÓN

Páx. 5, liña 75
Comarca de Pontevedra
Emenda de engádegas

Logo de "realizar campañas explicando a situación do País."

Engadir "Rexeitamos o modelo de xestión de SOGAMA e defendemos avanzar no modelo de xestión baseado nos tres R's (reducir, reutilizar e reciclar) así como impulsar a compostaxe como tratamento limpo dos residuos orgánicos".

Emenda nº115. - TRANSACCIÓN

Páx. 5, liña 76
Comarca da Emigración
Emenda de substitución

Substituír Entre "...do País" e "...", traballando

Por "Fomentar políticas sustentábeis e implicarnos nas alternativas de desenvolvemento económico respectuosas co medio ambiente, participando activamente naqueles proxectos que se enmarcan nesta liña"

Emenda nº116. - TRANSACCIÓN

Páx. 5, liña 77
Comarca de Pontevedra
Emenda de substitución

Substituír "do territorio, como ADEGA, e"

Por "A loita na rúa amosouse sempre como unha vía efectiva para reverter os problemas máis urxentes en material ambiental. É e será decisivo que a mocidade nacionalista actúe da man do activismo ecoloxista galego, nomeadamente de ADEGA, para reactivar un movemento que se atopa en crise e que corre o risco de caer no sucursalismo español ou en corporativismos que acaben por fortalecer o discurso único do capital. Ademais, debemos apoiar e colaborar con"

TRANSACCIÓN ÁS EMENDAS 113, 114, 115, 116: achegarse na Asemblea Nacional

Emenda nº117. - TRANSACCIÓN

Páx. 6, liñas 3, 4, 5, 6.
Comarca d'A Coruña
Emenda de substitución

Substituír: "Co desmantelamento dos servizos públicos, as persoas con diversidade funcional estanse vendo gravemente afectadas xa que se pon en perigo a inclusión social. Dende Galiza Nova debemos promover a inclusión con iniciativas a nivel socio político. As persoas con dependencia son totalmente abandonadas, ao reducir o PP as axudas á dependencia. Debemos traballar en favor dos seus dereitos e non nos esquecer de ningún destes sectores."

Por: "A inclusión social das persoas con diversidade funcional na nosa sociedade continúa a representar un reto para a mesma. Por un lado, atopámonos cun goberno central e outro na xunta que recortan nos servizos sociais e nas políticas públicas de axudas e recursos humanos e materiais, do que moitas persoas, nalgúns casos familias, dependen para sobrevivir; que son cómplices, nalgúns casos, xefes de inspección territorial por fomentar a escolarización en centros específicos das persoas con diversidade funcional evitando e incumprindo o principio de inclusión social que defende a LOMCE; que defenden a igualdade de oportunidades en todos os campos, pero en lugar de universalizar as probas de acceso a un emprego público para todas e todos, son quen elabora probas alternativas que non respectan, en moitos casos, o principio de equidade.

Por outro lado, aínda existen sectores da sociedade que cualifican ás persoas con diversidade funcional como incompletas ou dependentes, "nenos e nenas pequenas" incapaces de facer ningún tipo de tarefa sen supervisión; que non as consideran aptas para desenvolver ningún traballo ou que, no caso de poder, non serán igual de produtivas.

Desde Galiza Nova rexeitamos calquera tipo de discriminación e apostamos por unhas políticas públicas que avoguen e defendan os dereitos deste colectivo; que fomenten a súa autonomía persoal como medio para o empoderamento e a emancipación; que loiten a prol do aumento da participación social das persoas con diversidade funcional; que aposten pola inclusión total en todos os campos e áreas da sociedade como instrumento para a igualdade de oportunidades real entre todas as persoas sen importar a súa condición.”.

TRANSACCIÓN Á EMENDA: achegarse na Asemblea Nacional

Emenda nº118. - TRANSACCIÓN

Páx. 6, liña 7

Comarca da Montaña

Emenda de engádega

Engadir un novo apartado:

“3.11. Soberanía para un rural vivo e con futuro

Nos últimos anos, asistimos a un gran retroceso na situación do medio rural e do sector primario, así como a un empeoramento das condicións de vida no rural. Isto trouxo consecuencias devastadoras para as condicións económicas das persoas que viven do rural. O sector agro-gandeiro galego viuse sometido a un proceso de perda de capacidade produtiva e de emprego agrario, debido ás políticas que lle viraron as costas. Isto provocou un grave problema demográfico do medio rural, onde hai zonas que están xa practicamente deshabitadas.

Para reverter esta situación, debemos ter en conta que o rural galego representa un medio con moitas potencialidades a nivel económico e cultural que pode converterse nun sector estratéxico e clave na recuperación económica da Galiza. Debemos pular por que no noso país haxa políticas baseadas nunha transformación do sector primario en Galiza que o faga máis eficiente e sustentable. Por tanto, reivindicamos que as administracións traballen na recuperación do medio rural, investindo para a fixación de poboación e relevo xeracional, apostando pola innovación e investigación, e dotándoo de actividade económica e servizos públicos, nomeadamente de transporte. Só así conseguiremos que a mocidade poida ter futuro e unha vida digna no rural.”

TRANSACCIÓN Á EMENDA: achegarse na Asemblea Nacional

Emenda nº119. - REXEITADA

Páx. 6, liña 17

Comarca de A Mariña

Emenda de substitución

Substituír “o BNG recuperou apoio social”

Por “o BNG mantivo o apoio social das anteriores , nun contexto electoral moi complicado”

Emenda nº120. - ACEPTADA

Páx. 6, liña 20

Comarca da Barbanza

Emenda de engádega

Logo de “actitude”,

Engadir “positiva”

Emenda nº121. - REXEITADA

Páx. 6, Liña 30.

Comarca de Ourense

Emenda de substitución

Substituír “o caso de Vigo precisa dunha acción planificada propia para saír da febleza na que estamos nesta cidade”

Por “os casos de Ourense e Vigo precisan dunha acción planificada propia, axudados pola Dirección Nacional e a Comisión Permanente cando o precisen, para saír da febleza na que estamos nestas cidades.”

Emenda nº122. - REXEITADA

Páx. 6, liña 31
Comarca de Vigo
Emenda de engádegas

Logo de “cidade”,
Engadir “, cunha suba de militantes con respecto ao período anterior mais que segue a ser insuficiente tendo en conta o tamaño de poboación da cidade e da comarca”.

Emenda nº123. - REXEITADA

Páx. 6, liña 33
Comarca de O Salnés
Emenda de engádegas

Logo de “Limia-Maceda e O Ribeiro”
Engadir “ e O Salnés”.

Emenda nº124. - TRANSACCIÓN

Páx. 6, liña 37
Comarca de Compostela
Emenda de substitución

Substituír “Galiza Nova, como a organización xuvenil da fronte patriótica, é necesaria para o avance do BNG entre a mocidade e para organizar máis xuventude que desexe mellorar as condicións de vida actuais, unha liña que está incardinada no obxectivo político da consecución dun novo status político para Galiza, que avance cara á nosa independencia e a República da Galiza.”

Por “Por iso debemos pular pola integración da mocidade do BNG que non participe de Galiza Nova, mediante a creación de espazos abertos nos que se analicen e debatan as distintas visións sobre a necesidade dunha organización xuvenil referencial e aglutinadora da mocidade nacionalista e independentista galega, poñendo en cuestión as diversas funcionalidades organizativas e políticas de Galiza Nova. Para isto, debemos solventar os atrancos resultantes da falta de cohesión pasada e actual, a nosa militancia debe impulsar o nacionalismo dentro e fóra do seo do BNG, sendo referenciais nos espazos comúns e no traballo conxunto, non favorecendo os odios estériles nin no persoal a nivel interno, nin no organizativo, propiciando así á creación dunha organización xuvenil unitaria para a mocidade do BNG nun prazo medio de tempo. Só así acadaremos o avance do BNG entre a mocidade e para organizar máis xuventude que desexe mellorar as condicións de vida actuais, unha liña que está incardinada no obxectivo político da consecución dun novo status político para Galiza, que avance cara á nosa independencia e a República da Galiza.”

TRANSACCIÓN Á EMENDA: “Galiza Nova, como a organización xuvenil da fronte patriótica, é necesaria para o avance do BNG entre a mocidade. Por este motivo, debemos pular por seguir aglutinando e integrando xuventude no proxecto de Galiza Nova, así como continuar a manter vías comunicativas sinceras, en positivo e sen prexuízos, coa mocidade organizada e con conciencia nacional que a día de hoxe non se atope en Galiza Nova. Esa é a liña que favoreceu a incorporación de militantes provenientes doutras organizacións. Debemos seguir ampliando a nosa organización como a casa común do nacionalismo xuvenil. Ao mesmo tempo, tamén é necesario para organizar máis xuventude que desexe mellorar as condicións de vida actuais, unha liña que está incardinada co obxectivo político da consecución dun novo status para Galiza, que avance cara a independencia e a República Galega.”

Emenda nº125. - REXEITADA

Páx. 6, liña 43
Comarca de Compostela
Emenda de substitución

Substituír “o papel activo da militancia para impulsar o nacionalismo xuvenil no ensino medio e universitario, implicándose no avance de ERGUER”

Por “que a militancia de Galiza Nova teña un papel activo dentro do ensino medio e universitario, potenciando o crecemento da nosa organización de referencia no eido estudantil, Erguer. Estudiantes da Galiza.”

Emenda nº126. - ACEPTADA

Páx. 6, liña 43-44

Comarca de Compostela

Emenda de engádega

Logo de “Erguer”

Engadir “. Estudiantes da Galiza”

Emenda nº127. - ACEPTADA

Páx. 6, Liña 57.

Comarca de Ourense

Emenda de engádega

Logo de “capacidade de reacción-adaptación”

Engadir “Debemos espallar o noso discurso a toda a mocidade posíbel e sempre en clave positiva, mostrando así, que Galiza Nova é unha organización seria, rigorosa, con experiencia, con proxecto e con historia.”

Emenda nº128. - TRANSACCIÓN

Páx. 6, liña 59

Comarca de Compostela

Emenda de substitución

Substituír “Debemos seguir dotándonos de maior contundencia e imaxinación nas respostas, nas formas e nas alternativas políticas, maior dinamismo e máis capacidade de reacción-adaptación.

Para aplicar e facer seguimento a este traballo social hai dous anos creamos a responsabilidade na Dirección Nacional de Activismo e movementos sociais, cuxa función é a de fomentar a participación social da organización nos movementos e plataformas e o activismo entre a nosa militancia. Porén, esta responsabilidade non se efectivizou. Cómpre agora dar relevancia a esta área na Dirección Nacional que, ademais, ha de estar inter-relacionada coa responsabilidade de institucional para darnos máis voz ás problemáticas e intereses da mocidade galega.”

Por “Entendemos que a nosa participación nos movementos sociais galegos (tecido asociativo, ecoloxista, estudantil, feminista, veciñal, etc.) é necesaria para avanzar na conquista dos nosos dereitos. Só mediante o traballo social de base poderemos acadar os nosos obxectivos a medio-longo prazo, estar presentes na sociedade e continuar a crear conciencia nacional, amosando en todos os ámbitos a necesidade da soberanía como solución aos nosos problemas. Porén, non debemos conformarnos con estar presentes, senón que debemos dotarnos dunha actitude proactiva nos diferentes espazos sociais e traballarmos de xeito asiduo.

Hai dous anos creamos a responsabilidade na Dirección Nacional de Activismo e movementos sociais, cuxa función era a de fomentar a participación social da organización nos movementos e plataformas e o activismo entre a nosa militancia. Chegadas a este punto vemos importante impulsar o traballo neste ámbito creando a Responsabilidade de Activismo e Movementos Sociais na Comisión Permanente. As funcións desta responsabilidade serán levar un seguimento das relacións con outras organizacións, movementos sociais ou plataformas galegas nas cales esteamos presentes politicamente, e ter tamén un seguimento das comarcas nesta materia.”

TRANSACCIÓN Á EMENDA: “Entendemos que a nosa participación nos movementos sociais galegos é necesaria para avanzar na conquista dos nosos dereitos. Só mediante o traballo social de base poderemos acadar os nosos obxectivos a medio-longo prazo, estar presentes na sociedade e continuar a crear conciencia nacional, amosando en todos os ámbitos a necesidade da soberanía como a ferramenta para mellorar as condicións das galegas e galegos. Porén, non debemos conformarnos con

estar presentes, senón que debemos dotarnos dunha actitude proactiva nos diferentes espazos sociais e traballarmos de xeito asiduo.

Hai dous anos creamos a responsabilidade na Dirección Nacional de Activismo e movementos sociais, cuxa función é a de fomentar a participación social da organización nos movementos e plataformas e o activismo entre a nosa militancia. Para un maior seguemento e efectivización destas funcións, a responsabilidade será asumida na Comisión Permanente.”

Emenda nº129. - TRANSACCIÓN

Páx 6, liña 68
Comarca de Pontevedra
Emenda de engádega

Logo de "así como co tecido asociativo."

Engadir "4.3. Proceso Adiante e relanzamento do BNG.

Dende Galiza Nova debemos comprometermos co relanzamento do BNG no marco do Proceso Adiante dotando de maior forza ao nacionalismo entre a xente moza. Entendemos que o BNG é a mellor ferramenta coa que conta Galiza para acadar a súa autodeterminación e por iso consideramos fundamental que saia reforzado deste proceso, en especial entre a mocidade, para asegurar o seu futuro."

TRANSACCIÓN Á EMENDA: “- Volcarnos no proceso Adiante e no relanzamento do BNG

Entendemos que o BNG é a mellor ferramenta socio-política coa que conta Galiza para mellorar as condicións de vida da mocidade e o pobo galego, para dar respostas necesarias ás problemáticas da nosa poboación e construír alternativas concretas e reais, o mellor instrumento capaz de erguer a nación e construír futuro en Galiza, defendendo a capacidade de decidir do noso pobo e camiñando cara a autodeterminación. Por todo isto consideramos fundamental a involucración total da militancia de Galiza Nova no proceso Adiante emprendido na Asemblea Nacional do BNG, co obxectivo de relanzar o nacionalismo socialmente e, en especial, entre a mocidade.”

Emenda nº130. - REXEITADA

Páx. 7, liña 6
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Logo de “para mellor o funcionamento”

Engadir “e poder aportar proxectos alternativos e transformadores para a mocidade con posibilidade de implantación directa”

Emenda nº131. - REXEITADA

Páx. 7, liña 14
Comarca da Emigración
Emenda de supresión

Suprimir “É necesario manter o contacto cos problemas e intereses da mocidade...”

Emenda nº132. - ACEPTADA

Páx. 7, liña 19
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Logo de “a unha acción precisa”

Engadir “ou á creación dun proxecto realizábel a medio prazo que poida modificar as dinámicas sociais nas localidades e comarcas do país.”

Emenda nº133. - ACEPTADA

Páx. 7, liña 53
Comarca de Lugo - Centro.
Emenda de substitución

Substituír desde “Para un correcto funcionamento da organización...” até “para conseguirmos que a nosa organización sexa punteira.”
Por “Para un correcto funcionamento da organización, os organismos nacionais de Galiza Nova, Comisión Permanente e Dirección Nacional, terán un ritmo de traballo constante e acorde ás demandas da organización. As persoas membros destes organismos deben priorizar as reunións deles e comprometerse a axilizalos de cara a, sen detrimento do debate, conferir a Galiza Nova dunha maior capacidade para dar respostas inmediatas. As persoas membros da dirección, corresponsabilizaranse do traballo colectivo e individual co obxectivo de mellorar as propostas políticas e a liña de actuación de Galiza Nova. Se ben é certo que o ritmo de traballo pode variar en función das circunstancias de cada comarca, é preciso que esta actitude se extrapole tamén na medida do posíbel ás comarcas e localidades para conseguirmos que a nosa organización sexa punteira.”

Emenda nº134. - ACEPTADA

Páx. 7 liña 68
Comarca do Condado
Emenda de substitución

Substituír “Non obstante”,
por “Porén”

Emenda nº135. - ACEPTADA

Páx. 7 liña 70
Comarca do Condado
Emenda de substitución

Substituír “de campañas”,
por “campañas”

Emenda nº136. - REXEITADA

Páx. 8, liña 8
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Logo de “comarca”
Engadir “e exploremos novos xeitos de traballo, como as xuntanzas por internet”

Emenda nº137. - ACEPTADA

Páx. 8, liña 18
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Engadir “As militantes de Galiza Nova debemos estar nos espazos habituais da mocidade nas diferentes localidades do país para non só chegar ao noso círculo máis próximo, tendo en conta que as nosas ideas non serán asumidas ao momento, senón que teremos que traballar a diario con todos os grupos da mocidade galega.”

Emenda nº138. - REXEITADA

Páx. 8, liña 24
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Engadir “Na medida do posíbel desde Galiza Nova debemos apostar polos proxectos alternativos de cada localidade (Centros sociais, asociacións socioculturais, etc.), mais tamén impulsar a creación de espazos autoxestionados para a mocidade, onde poder transformar e incidir na realidade diariamente. Desta maneira, seremos quen de desenvolver xunto coa mocidade un lecer e unha aprendizaxe alternativa, así como un pensamento crítico que permita mudar a realidade das diferentes localidades. . Neste sentido debemos apostar por formar parte e impulsar proxectos transformadores da sociedade con resultados medíbeis, onde todo o mundo teña cabida para desenvolver proxectos culturais, para desfrutar dun lecer alternativo, partillar experiencias, etc. Non podemos

quedar inmóbeis ante unha situación de precariedade de espazos para un lecer e unha aprendizaxe alternativa á sistémica, temos que crear as alternativas por nós mesmas”

Emenda nº139. - REXEITADA

Páx. 8, liña 29-31

Comarca da Montaña

Emenda de substitución

Substituír “sendo capaces de convencer coas nosas palabras e feitos, fortalecendo as nosas conviccións, cuestionándoo todo pero nunca sendo influenciábeis pola doutrina individualista e a propaganda do sistema.”

Por “Debemos ser capaces de transmitir as nosas ideas e convencer, non só con argumentos, senón tamén cos nosos feitos. Precisamos fortalecer a nosa base ideolóxica, sempre con espírito crítico e autocrítico, de maneira que cuestionemos sempre a doutrina omnipresente do sistema, pero tamén o noso propio discurso, co fin de actualizalo aos tempos, facelo máis efectivo e accesíbel á poboación e, en definitiva, melloralo.”

Emenda nº140. - ACEPTADA

Páx. 8, liña 34

Comarca de Pontevedra

Emenda de engádega

Logo de “e optimizar deste xeito o traballo realizado.”

Engadir “Así mesmo, resulta moi importante tamén que a nosa militancia coñeza e teña interiorizados os elementos fundamentais do noso discurso como organización e sexa quen de adaptalos ás diferentes situacións da vida cotiá da mocidade galega.”

Emenda nº141. - TRANSACCIÓN

Páx. 8, liña 40

Comarca de A Mariña

Emenda de engádega

Logo de “Cómpre seguir con este tipo de actividades, así como facer referenciais as Xornadas Feministas de Ordes organizadas pola Asemblea de Mulleres de Galiza Nova

Engadir “Deberíamos ter en conta a necesidade de realizar xornadas de formación orientadas aos diferentes cargos comarcais para darlles os coñecementos necesarios para que leven a cabo o seu traballo da mellor forma posíbel.”

Emenda nº142. - TRANSACCIÓN

Páx. 8, liña 46

Comarca da Montaña

Emenda de engádega

Logo de “...difusión entre a militancia nas asembleas comarcais.”

Engadir “Porén, sen menosprezar a súa importancia, non abonda coas xornadas de formación e as palestras que organizamos cada certo tempo. Debemos fomentar a formación continua da nosa militancia e simpatizantes, mediante a convivencia e o enriquecemento diario no noso traballo político. Por isto, procurarase que as nosas xuntanzas (fundamentalmente asembleas locais, comarcais, etc.) conteñan sempre puntos de debate mediante o cal continuemos adquirindo máis base ideolóxica e argumentos para espallar o nacionalismo en todos os ámbitos.”

Emenda nº143. - TRANSACCIÓN

Páx. 8, liña 47

Comarca de O Salnés

Emenda de engádega

Logo de “assembleas comarcais”

Engadir “Ademais do formato Xornadas debemos ter en conta que a formación comeza co debate e o intercambio ideas cotiá. É fundamental favorecer esta práctica entre as compañeiras das comarcas, facilitando espazos e contidos formativos ás bases. A mocidade ten vetado falar de política na maioría das situacións cotiás e a militancia en Galiza Nova debe servir para que a xuventude rebelde viva con liberdade a súa vocación política. Para iso, militantes e simpatizantes deben ver no grupo e no local do BNG da súa localidade un espazo vivo onde falar de política, debater, expresarse e formarse e non só como un lugar de celebración de assembleas nas que a maior partes das veces só se tratan temas organizativos ou burocráticos ”

Emenda nº144. - TRANSACCIÓN

Páx. 8, liña 47
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Engadir “Nesta etapa debemos aumentar a formación práctica das militantes de Galiza Nova para saber actuar ante certas situacións comúns da militancia nacionalista e para mellorar colectivamente a praxe da organización”

Emenda nº145. - TRANSACCIÓN

Páx. 8, liña 50
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Engadir “Temos que prestar especial atención as persoas que acaban de comezar a súa militancia, deseñando un plano de atención e formación específica para elas.”

TRANSACCIÓN ÁS EMENDAS 141, 142, 143, 144, 145: “Cómpre mellorarmos a formación dentro da propia organización para continuar a avanzar no proceso de autodeterminación. O debate e o intercambio de ideas son fundamentais nunha organización e debemos fomentalos a través da habilitación de espazos, ben nas propias assembleas comarcais, ben con máis xornadas de convívio, ben no formato que se decida.

A mocidade ten vetado no día a día falar de política e as militantes de Galiza Nova debemos servir para que a xuventude con inquedañas viva con liberdade a súa vocación transformadora e poida ver na nosa Organización un espazo onde debater, expresarse e formarse, de xeito teórico e práctico, sobre diversas cuestións.

Ademais, é importante facilitar en primeiro termo esta formación ás responsabilidades locais e comarcais, dotándoas das ferramentas para que leven a cabo o seu traballo da mellor forma posíbel e poidan acompañar á militancia na súa formación.”

Emenda nº146. - REXEITADA

Páx. 8, liña 54
Comarca de Compostela
Emenda de substitución

Substituír “Unha organización sólida é aquela independente nos seus recursos económicos, polo que cómpre reforzarmos vías de financiamento propias sen que supoñan unha carga sobre a militancia”

Por “Cómpre dotármonos dunha dinámica de xestión eficiente e propia que garanta unha independencia económica mínima á organización e procurando que non supoña un inconveniente no aboamento de cotas por parte da militancia.”

Emenda nº147. - REXEITADA

Páx. 8, liña 72
Comarca da Barbanza
Emenda de engádega

Logo de “6 euros.”,

Engadir nun novo punto “- Aumentar en 1€ a cota trimestral de Galiza Nova para redondear a 10€.”

Emenda nº148. - REXEITADA

Páx. 8, liña 72
Comarca de Vigo
Emenda de engádega

Engadir punto: “- Actualización da cota mensual a unha cota trimestral de 10€ e actualización da cota voluntaria a 20€ trimestre”.

Emenda nº149. - REXEITADA

Páx. 8, liña 72
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substituír “trimestral”, e “6€”
Por “mensual” e “20€”, **respectivamente.**

Emenda nº150. - TRANSACCIÓN

Páx. 9, liña 3
Comarca de Pontevedra
Emenda de engádega

Logo de "ben sexa coa edición de rifas, bonos axuda ou con colaboracións voluntarias."

Engadir "1.5. Aumentar a conciencia nacional entre a mocidade: a importancia do Festigal.

Outro dos eixos fundamentais da organización é o de ampliar a conciencia nacional entre a xente moza, polo cal debemos reafirmar o noso compromiso coa celebración da Homenaxe a Rosalía e Castelao cada 24 de xullo, un acto que acadou unhas cotas de participación de mocidade non militante moi elevadas nos últimos anos e que compre reforzar en vindeiras ocasións sendo conscientes da dificultade de superar os obxectivos xa acadados.

Galiza Nova ademais é quen de sacar cada ano adiante o Festigal. Un festival que non sería posíbel sen a militancia e simpatizantes de Galiza Nova que se implican de xeito voluntario na súa produción, que está asentado logo de 15 edicións como un referente no calendario do verán, vivindo un aumento na afluencia nos últimos anos, e que hai que seguir a potenciar. Ao mesmo tempo conxuga actividades lúdicas e musicais con palestras e debates sendo unha ferramenta moi importante para o espallamento das nosas ideas e a demostración das capacidades da mocidade galega."

TRANSACCIÓN Á EMENDA: “1.5. Aumentar a conciencia nacional entre a mocidade: a importancia do Festigal

Outro dos eixos fundamentais da organización é ampliar a conciencia nacional entre a xente moza, polo cal debemos reafirmar o noso compromiso coa realización de actividades e eventos que fortalezan este obxectivo.

Galiza Nova organiza cada ano o Festigal, o grande evento político festivo que reúne milleiros de mozas e mozos no marco do Día da Patria Galega. Un grande festival que cada ano continúa a medrar e consolidarse, e que é posíbel grazas ao inxente compromiso da afiliación e simpatizantes de Galiza Nova en todos os traballos para a súa realización, e que está asentado logo de 15 edicións como un referente na axenda festiva e política de Galiza. Nos últimos anos conseguimos que o Festigal viva un aumento na afluencia, que hai que seguir a potenciar. Ao mesmo tempo conxuga actividades lúdicas e musicais con palestras e debates sendo unha ferramenta moi importante para o espallamento das nosas ideas e a demostración das potencialidades e creatividade da mocidade galega. Fomos quen de dar un novo formato ao Festigal, creando o concurso de novos valores e incrementando a súa carga simbólica e nacionalista, visualizándoo como a grande festa reivindicativa da Patria Galega organizada pola mocidade do BNG.

Ademais, coa celebración da Homenaxe da Mocidade a Rosalía e Castelao cada 24 de xullo, un acto que tamén se reformulou completamente, acadamos importantes cotas de participación de mocidade militante e non militante e que compre seguirmos a reforzar en vindeiras anos.”

Emenda nº151. - REXEITADA

Páx. 8, liña 78
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Logo de “do noso material”

Engadir “Hai que dotar á comarca da emigración de material propio da organización, así como material informativo para vender no estranxeiro, en postos propios ou colaborando cos de outras entidades. Asemade, estes materiais poderán servir para dar unha boa imaxe coas diversas organizacións coas que traballamos nos diferentes países de residencia.

Emenda nº152. - REXEITADA

Páx. 9, liña 4
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Engadir “-Posta en marcha dun local social que permita obter máis recursos propios coas actividades económicas propias dun local, que amáis permita ampliar os ingresos polo resto de conceptos anteriores

Emenda nº153. - TRANSACCIÓN

Páx. 9, liña 7
Comarca de Compostela
Emenda de substitución

Substituír “dun xeito tripo: Como mulleres que vivimos nun sistema patriarcal e como membros dun segmento da poboación (o da mocidade) que padece de forma esaxerada todas as problemáticas que analizamos con anterioridade.”

Por “desde diversos eixos: Como mulleres que vivimos nun sistema patriarcal, como membros dun segmento da poboación (o da mocidade) que padece de forma esaxerada todas as problemáticas que analizamos con anterioridade e por pertencermos á clase traballadora.”

TRANSACCIÓN Á EMENDA: “As mozas galegas padecemos opresión en distintos planos: Como mulleres que vivimos nun sistema patriarcal, como membros dun segmento da poboación (o da mocidade) que padece de forma esaxerada todas as problemáticas que analizamos con anterioridade, mais tamén por ser galegas, mozas dunha nación á que negan a súa soberanía e por pertencermos á clase traballadora.”

Emenda nº154. - TRANSACCIÓN

Páx. 9, liña 50
Comarca de Compostela
Emenda de engádega

Logo de “á maioría.”

Engadir “- As reunións da Asemblea Nacional de Mulleres, mencionadas no anterior punto, realizaranse como mínimo cada 6 meses, podendo convocar reunións extraordinarias cando os tempos e as circunstancias o permitan ou o requiran. Así mesmo, as responsábeis comarcais e locais das asembleas de mulleres deben informar a todas as mozas da zona destas reunións e pular por aumentar a asistencia ás mesmas.

- A ANM encargarse de facer colectivamente plans de traballo anuais ou semestrais para garantir un traballo con continuidade e obxectivos claros.”

TRANSACCIÓN Á EMENDA: “- As Asembleas Nacionais de Mulleres realizaranse como mínimo cada 6 meses, podendo convocar reunións extraordinarias cando os tempos e as circunstancias o permitan ou o requiran. Así mesmo, as responsábeis comarcais e locais das asembleas de mulleres deben informar a todas as mozas da zona destas reunións e pular por aumentar a asistencia ás mesmas.

A Asemblea Nacional de Mulleres encargarse de facer colectivamente plans de traballo anuais ou semestrais para garantir un traballo con continuidade e obxectivos claros. Cómpre recuperar a súa Mesa Nacional, tal e como marcan os estatutos, para que o peso e o traballo sexan colectivos.”

Emenda nº155. – REXEITADA POR ACEPTACIÓN DAS EMENDAS 156 E 157

Páx. 9, liña 51
Comarca de Compostela
Emenda de substitución

Substituír “1.6. Comisión de Liberdades Sexuais e Diversidade de Xénero.

Nos últimos meses reactivouse a Comisión de Liberdades Sexuais e Diversidade de Xénero facendo campañas a nivel nacional e participando nas mobilizacións relacionadas coa temática que foron convocadas neste período.

O noso traballo en materia de liberdades sexuais debe incrementarse e descentralizarse de Compostela co fin de sermos unha ferramenta útil para a mocidade LGTBI. O noso traballo debe ser en todo o País, pegado ao tecido asociativo e de base e achegar ferramentas útiles para combater o cisheteropatriarcado. Debemos facer pedagogía nos distintos ámbitos da sociedade e crear unha dinámica de traballo constante e estábel, sen reducir a actividade a reivindicar só as datas sinaladas. Neste período instauramos o 8 de xuño coma o Día da Visibilidade Lésbica Galega, en conmemoración do casamento de Marcela e Elisa na Coruña. Non deixemos este fito no esquecemento e manteñamos esta data instaurada por Galiza Nova.”

Por “1.6. Asemblea LGTBI

Nos últimos períodos interassembleares Galiza Nova dotouse da Comisión de Liberdades Sexuais e Diversidades de Xénero para desempeñar o traballo en materia LGTBI. Nesta Asemblea Nacional entendemos necesario definir a organización interna nesta materia mediante o impulso da Asemblea LGTBI, transformando a comisión nunha asemblea nacional, soberana e autoorganizada.”

Emenda nº156. - ACEPTADA

Páx. 9, liña 55

Comarca da Montaña

Emenda de engádega

Logo de “...coa temática que foron convocadas neste período.”

Engadir “Con todo, esta reactivación foi limitada e de ningún modo suficiente. Precisamos unha Comisión de Liberdades Sexuais e Diversidade de Xénero que sexa capaz de desenvolver máis campañas nacionais deseñadas con antelación, para que a implantación do traballo LGTBI e de liberdades sexuais sexa máis efectivo nas comarcas do País. Do mesmo xeito, debemos potenciar a realización de actividades nas comarcas, procurando descentralizar o traballo de Compostela.

Con este fin, A Comisión debe ter un status superior ao dun simple grupo de traballo, de maneira que se poida axilizar o traballo e garantir un mellor e máis estable funcionamento da mesma. Do mesmo xeito, debe ter unha persoa representante na Dirección Nacional, con voz e voto, que poida trasladar propostas e colaborar na coordinación do traballo que logo se traslade ás comarcas.”

(Nota: A aceptación desta emenda implicaría a inclusión dun apartado sobre a Comisión nos Estatutos de Galiza Nova:

Emenda nº157. ACEPTADA

Emenda aos Estatutos

Comarca da Montaña

Inclusión dun novo apartado.

COMISIÓN DE LIBERDADES SEXUAIS E DIVERSIDADE DE XÉNERO

Art.1.- A Comisión de Liberdades Sexuais e Diversidade de Xénero é unha comisión estábel e permanente do colectivo LGTBI, da que se dota Galiza Nova para traballar en material de liberdades afectivo sexuais.

Art.2.- Forman parte dela todas as persoas que, traballando dentro da organización, decidan voluntariamente participar nela.

Art.3.- A Comisión de Liberdades Sexuais e Diversidade de Xénero reunirse ordinariamente cada seis meses, convocada pola persoa responsábel da comisión. Reunirse de xeito extraordinario cando así o decida o grupo de coordinación ou sexa solicitado por un amplo número de integrantes.

Art.4.- A Comisión de Liberdades Sexuais e Diversidade de Xénero contará cun grupo de coordinación, integrado pola persoa Responsábel Nacional e outras responsabilidades que se estimen convenientes.

Art.5.- O grupo coordinador reunirse trimestralmente e terá como funcións a organización do traballo de temática LGTBI e de liberdades sexuais, así como a dinamización e coordinación do traballo nas diferentes comarcas.

Art.6.- A Comisión de Liberdades Sexuais e Diversidade de Xénero é constituíbel en todas as comarcas que sexa posíbel.

Art.7.- A Comisión de Liberdades Sexuais e Diversidade de Xénero contará cunha persoa representante da mesma na Dirección Nacional de Galiza Nova, con voz e voto.)

Emenda nº158. - REXEITADA

Páx. 9, liña 59
Comarca da Montaña
Emenda de engádega

Logo de “datas sinaladas“

Engadir (preferiblemente noutro parágrafo) “A comisión, aínda que abrangue unha temática tan ampla como son as liberdades sexuais e a diversidade de xénero, terá o foco principal na problemática do colectivo LGTBI. Entendemos que este colectivo sofre unha fonda opresión no sistema capitalista cisheteropatriarcal, que debe ser tratada de modo central con campañas e traballo específico que sirva como punto de apoio para a fin da discriminación e da violencia que as persoas LGTBI sofren a diario, tanto as visíbeis (físicas e verbais) como as que pasan desapercibidas pero constitúen tamén violencia, baseadas na discriminación e o acoso.”

Emenda nº159. - APROBADA

Páx. 9, liñas 59-61
Comarca da Montaña
Emenda de substitución

Mover o texto “Neste período...” ata “instaurada por Galiza Nova.” nun parágrafo independente ao final do apartado.

Emenda nº160. – REXEITADA POR ACEPTACIÓN DA 156 E 157

Páx. 9, liña 62
Comarca da Montaña
Emenda de engádega

Logo de “data instaurada por Galiza Nova. “

Engadir “Para acadar este obxectivo é necesario que pase de ser unha comisión de traballo a unha Asemblea dotada de dinámicas propias, equiparable á Asemblea de Mulleres, onde as persoas LGBTI poidamos desenvolver o traballo que esta loita require. A responsábel desta nova Asemblea deberá formar parte da Dirección Nacional para que a cuestión LGBTI sexa transversal e estea sempre presente en tódalas nosas accións, evitando que quede relegada a un asunto de menor importancia.”

Emenda nº161. – REXEITADA POR ACEPTACIÓN DA 156 E 157

Páx. 9, liña 62
Comarca Compostela
Emenda de engádega

Logo do punto 1.6.

Engadir “Precisamos dun espazo que só atenda ás cuestións de diversidade sexual e de xénero e, polo tanto, entendemos que a Asemblea LGTBI estará formada por todas aquelas persoas LGTBI de Galiza Nova.”

Emenda nº162. - REXEITADA

Páx. 9, liña 62
Comarca Compostela
Emenda de engádega

Logo do punto 1.6.

Engadir “ A Asemblea LGTBI será o órgano máximo de decisión en materia LGTBI de Galiza Nova, no cal se elaborará un Plan de Traballo e se analizará a realidade galega en cuestión. Esta convocarase cunha frecuencia anual.

A Asemblea LGTBI contará cunha mesa nacional formada por 5 persoas, quen dirixirán a actividade en materia LGTBI de Galiza Nova, e está encargada de executar os acordos adoptados pola Asemblea LGTBI. Reunirase, como mínimo, cada 3 meses. A mesa nacional contará cunha representante que pasará a formar parte con voz e con voto da Dirección Nacional e da Comisión Permanente.

A Asemblea LGTBI entende que, como colectivo oprimido polo patriarcado, debe estar en constante comunicación coa Asemblea de Mulleres, polo que en común deben procurar métodos reais para manter unha comunicación e poder facer traballo en conxunto nas situacións que se requira.”

Emenda nº163. - ACEPTADA

Páx. 9 liña 75

Comarca do Condado

Emenda de engádega

Logo de “pór especial atención”,
engadir “en”

Emenda nº164. - REXEITADA

Páx. 9, liña 75

Comarca da Emigración

Emenda de supresión

Suprimir “Debemos pór especial atención a coordinar unha acción continuada no ámbito do ensino -en plena colaboración co estudantado nacionalista organizado- buscando permanentemente ampliar a base de simpatizantes co traballo sistemático.”

Emenda nº165. - REXEITADA

Páx. 9, liña 78

Comarca da Emigración

Emenda de substitución

Substituír “ e preciso contar” **por** “é preciso contar”

Substituír “animar ás estudantes” **por** “animar á mocidade”

Emenda nº166. - REXEITADA

Páx. 10, liña 16

Comarca da Emigración

Emenda de substitución

Substituír “fica pendente”

por “tem que ser prioritario”

Emenda nº167. - REXEITADA

Páx. 10, liña 19

Comarca de Compostela

Emenda de engádega

Logo de “pola militancia de Galiza Nova”

Engadir “1.9. Fortalecer as relacións internacionais.

Acreditamos en que a solidariedade é a tenrura dos pobos, por iso debemos seguir a tecer lazos con organizacións soberanistas e independentistas dentro e fóra do Estado Español, como xa levamos facendo moitos anos e máis concretamente neste periodo interasamblear.

Con todo, Galiza Nova terá un papel proactivo en canto a abrir liñas de comunicación con outras organizacións referenciais nos procesos soberanistas no marco da esquerda transformadora, sabendo que o obxectivo é consolidar relacións sólidas e non simples alianzas taticistas.

Estas relacións son fundamentais para espallar o noso proxecto político e as problemáticas concretas da Galiza (en moitas ocasións descoñecidas) e para aprendermos do traballo doutras organizacións.

Por outra banda, cuestionámonos fondamente a pertenza a proxectos colectivos nos que partillamos espazo con outras organizacións que distan moito das nosas posicións ideolóxicas e que entran en contradición co noso horizonte estratéxico onde non ten cabida nin a dereita nin a caduca Unión Europea.”

Emenda nº168. - ACEPTADA

Páx. 10, liña 58
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Engadir “fomentar a visibilización en outros territorios do estado español e do mundo, así como a colaboración con organizacións afíns”

Emenda nº169. - ACEPTADA

Páx. 10, liña 58
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

A nosa comunicación debe ser motivadora, pedagóxica, clara no ideolóxico e capaz de chegar emocionalmente á mocidade. Esta forma de comunicación non pode ficar só para os actos de Galiza Nova, senón que a temos que empregar a diario para facer chegar a nosa mensaxe a toda a mocidade galega, por iso é necesario proporcionar a toda a militancia de Galiza Nova ferramentas de comunicación interpersoal e en redes sociais.

Emenda nº170. - REXEITADA

Páx. 10, liña 64
Comarca da Emigración
Emenda de substitución

Substituír “Cómpre que as localidades envíen a nacional máis información do traballo realizado e análise de problemáticas comarcais/locais máis concretas”

Por “Debemos dar máis protagonismo na Web á información comarcal e local. Para isto nomearase en cada Asemblea Comarcal e Local un responsábel de Comunicación que fará parte do Grupo Nacional de Comunicación. A súa función, ademais das comentadas para o propio grupo, será coordinar os contidos locais e comarcais a publicar na Web. Deste xeito, reducirase o traballo da nacional na Web e poderanse autoxestionar este tipo de contidos máis concretos, colectivizando o traballo. Isto permitirá autoxestionar as publicacións máis concretos e liberar de traballo á nacional”

Emenda nº171. – REXEITADA POR DENEGACIÓN DA EMENDA 98

Páxina 10, liña 68
Comarca de Ourense

DE APROBARSE A EMENDA 98 (antes, emenda 80)

(Comarca de Ourense, páxina 5, liña 28) e existir algún punto que fale do software libre e soberanía tecnolóxica debería de excluirse o uso do facebook e instagram como medios de difusión pois atentan contra as liberdades das usuarias e usuarios. Hai que ser consecuente e non se pode citar un tema, estar en contra de grandes corporacións, etc... E entrarlle no xogo. Twitter é aceptábel e existen redes libres como gnosocial, identica, quitter ou sitios libres que ofrecen espazos para debate e difusión como Reddit.

Emenda nº172. - ACEPTADA

Páx. 10, liña 74
Comarca da Emigración
Emenda de engádega

Logo de “consideren necesarios”

Engadir (como novo punto)

- Canle de telegram: debemos analizar a función concreta desta canle de difusión e crear unha estratexia comunicativa específica.

Emenda nº173. - ACEPTADA

Páx. 11, liña 17
Comarca de Lugo - Centro.
Emenda de substitución

Substituír desde “medias”
Por “ensino medio”

Emenda nº174. - REXEITADA

Páx. 11, liña 19
Comarca de Compostela
Emenda de supresión

Suprimir “Voceiros Comarcais ou Locais: son unha ferramenta a recuperar neste período nas localidades e comarcas onde sexa posíbel a súa edición e a súa distribución tanto en formato dixital como en papel. Os voceiros comarcais e locais son unha ferramenta útil para achegar a nosa mensaxe á mocidade, adaptando campañas nacionais a problemáticas máis achegadas ou poñendo o foco en cuestións comarcais ou locais. A comarca/localidade coordinarase co Servizo Nacional de Publicacións para a elaboración do voceiro.”

EMENDAS AOS ESTATUTOS

Emenda nº175. - ACEPTADA

Emenda aos Estatutos
Comarca da Montaña
Inclusión dun novo apartado.

VER EMENDA 155

Emenda nº176. - ACEPTADA

Art. 5, 47 e 53
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substituír “Dirección Comarcal”,
Por “Asemblea Comarcal”.

Emenda nº177. - ACEPTADA

Art. 5
Comarca de Vigo
Emenda de supresión

Suprimir en todo o artigo as referencias á “Dirección Comarcal”.

Emenda nº178. - ACEPTADA

Art. 13
Comarca de Vigo
Emenda de supresión

Suprimir “f) Dirección Comarcal; g) Dirección Local”.

Emenda nº179. - ACEPTADA

Art. 13
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substituír “Permanente da Dirección Nacional”,
Por “Comisión Permanente da Dirección Nacional”.

Emenda nº180. - ACEPTADA

Art. 22
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substitución do 1º e 2º parágrafo do artigo,
Por “A Comisión Permanente está formada por 11 persoas. 10 delas serán escollidas de forma directa pola Asemblea Nacional e corresponderán coas 10 primeiras da candidatura á Dirección Nacional.

No caso de haber varias listas para a Dirección Nacional, a cada unha delas corresponderanlle un número de postos dos 10 a cubrir na Comisión Permanente directamente proporcional ao número de votos obtidos, e serán ocupados seguindo a orde da lista. Se a lista máis votada supera o 50% dos votos a persoa que encabece ocupará a Secretaría Xeral. No caso contrario haberá unha segunda volta para escoller a Secretaría Xeral entre as persoas que encabezen as dúas listas máis votadas.

A Responsábel Nacional da Asemblea de Mulleres incorporárase á Comisión Permanente e á Dirección Nacional con voz e voto”.

Emenda nº181. - ACEPTADA

Art. 28
Comarca de Vigo
Emenda de engádega

Logo do punto de “feminismo” e antes do de “ecoloxismo”,
Engadir novo punto: “Liberdades Sexuais”.

Emenda nº182. - ACEPTADA

Art. 29
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substituír o parágrafo: “GALIZA NOVA estrutúrase en localidades e comarcas, e os seus organismos de base son as Asembleas locais e Comarcais, que se reunirán a convocatoria da ou do Responsábel Local ou Comarcal”.

Emenda nº183. - ACEPTADA

Art. 30
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substituír “As Asembleas Comarcais reuniranse cunha periodicidade ordinaria de tres meses”,
Por “As Asembleas Comarcais reuniranse cunha periodicidade ordinaria de dous meses”.

Emenda nº184. - ACEPTADA

Art. 33
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substituír “As Direccións Comarcais reunirán-se con periodicidade mensual”,
Por “Onde se considerar preciso, poderase formar a Dirección Comarcal, que reunirán-se con periodicidade mensual”.

Emenda nº185. - ACEPTADA

Art.34
Comarca de Vigo
Emenda de supresión

Suprimir todo o artigo.

Emenda nº186. - ACEPTADA

Art. 39
Comarca de Vigo
Emenda de supresión

Suprimir “Responsábel do CXG”.

Emenda nº187. - ACEPTADA

Art. 56
Comarca de Vigo
Emenda de substitución

Substituír “Permanente”,
Por “Executiva”.
